

**Recadávias**  
**Compilations**



## ***Quen a Cariño vai, con Cariño volve: escolma de unidades fraseolóxicas de Cariño e a súa contorna***<sup>1</sup>

### ***Quen a Cariño vai, con Cariño volve: Anthology of Phraseological Units Used in Cariño and its Surroundings***

Vanesa Freire Armada  
Universidade de Vigo (España)  
ORCID: 0000-0002-8578-7089  
vanesa.freire@uvigo.gal

**Resumo:** O presente traballo ten como obxectivo rexistrar unha escolma significativa de unidades fraseolóxicas e adicionalmente expresións monolexicais empregadas no concello de Cariño para a súa preservación como parte do seu patrimonio socio-cultural e lingüístico. En total, recóllense 367 unidades fraseolóxicas. A metodoloxía que se seguiu para a recolección destas unidades consistiu en entrevistar a doce persoas (de entre 22 e 84 anos) e na participación en conversas espontáneas con persoas naturais do municipio de Cariño.

**Palabras clave:** Galicia, linguas minorizadas, fraseoloxía galega, unidades fraseolóxicas, Cariño.

**Abstract:** *The present work aims to register a significant number of phraseological units used in the town of Cariño and create an anthology. Additionally some monolexical expressions were collected. The purpose of this is to preserve such phraseological units as part of the town's socio-cultural heritage. In total, 367 units were registered. The method followed to collect them consisted of conducting interviews and actively participating in casual conversations with locals. Twelve people of different ages (from 22 to 84) and residents of Cariño were interviewed.*

**Keywords:** *Galicia, minoritized languages, Galician phraseology, phraseological units, Cariño.*

---

<sup>1</sup> Data de recepción: 14.05.24. Data de aceptación: 06.09.24.

## 1. Introducción

Este traballo xorde da necesidade de deixar por escrito o que fica no aire, eses fragmentos de lingua que só chegan a nós a través dos oídos, que estamos tan acostumados/as a escoitar pola rúa, na casa e no noso día a día, que non nos decatamos de que están aí. Son expresións e proverbios que sempre nos acompañan e que, en certo modo, damos por descontado ata que alguén quebra a nosa burbulla cun «pero iso que significa?» ou un «a que te refires con iso? eu nunca o escoitara». É nese intre cando reparamos nelas, e só daquela advertimos que carecen de significado fóra do noso contexto sociocultural inmediato, isto é, do noso lugar de nacemento (ou mellor dito, de crecemento) e das persoas que o habitan. Foi este espertar o que motivou o meu interese pola fraseoloxía e que me levou á creación desta recadáviva sobre as unidades fraseolóxicas da miña vila natal, a que me viu crecer: Cariño.

Cariño é unha vila mariñeira situada na costa norte da provincia da Coruña, concretamente, na comarca do Ortegal. O concello de Cariño está composto polas parroquias da Pedra, Sismundi, Landoi, Feás e Cariño. Estas parroquias que agora conforman o municipio estiveron historicamente baixo o dominio de Ortigueira ata a súa independencia. Cómpre mencionar a independencia de Cariño, xa que marcou un fito na historia do concello. As reivindicacións segregacionistas, debido á marxinação que sufriu por parte de Ortigueira cando formaba parte deste concello, remóntanse ao século XVI, pero non foi ata o XX que se puxeron de manifesto a través de manifestacións. En 1918, formouse unha Xunta de Defensa con intencións segregacionistas. Porén, as esperanzas de independencia municipal foron interrompidas en 1936 co inicio da Guerra Civil e da posterior ditadura. Anos despois, coa chegada da democracia, xurdiron novas iniciativas comunitarias e mobilizacións para demandar a construción dun instituto de bacharelato e isto levou á Asociación de Veciños a liderar, en 1982, o movemento segregacionista que culminou en 1988 coa creación do Concello de Cariño tal e como hoxe o coñecemos (Concello de Cariño s.f.).

Alén diso, o municipio cariñés posúe unha rica historia mariñeira. Durante o século XIX e comezos do XX, inaugúranse as primeiras fábricas de conserva debido á grande actividade económico-pesqueira do porto de Cariño. A industria conserveira comeza a crecer a mediados do século pasado, que é cando chegan a convivir 21 fábricas conserveiras (La Pureza s.f.). No entanto, a finais de século, as conserveiras foron pechando á vez que se producía un lento declive na actividade pesqueira. Na actualidade, o concello de Cariño aposta polo sector turístico como principal motor económico.

## 2. Obxectivos

O obxectivo principal deste traballo é rexistrar unha escolma significativa de unidades fraseolóxicas e, adicionalmente, expresións monolexicais empregadas no concello de Cariño para a súa preservación como parte do seu patrimonio socio-cultural e lingüístico.

Cómpre resaltar que moitas das unidades fraseolóxicas aquí recollidas non son de uso exclusivo do concello de Cariño, senón que tamén se poden escoitar nas zonas limítrofes e ao longo de toda a comarca do Ortegal. Á súa vez, toda a fraseoloxía aquí recollida vai conter definicións e exemplos que ilustren, na medida do posible, o seu uso práctico. Con isto, preténdese que a fraseoloxía cariñesa sexa accesible a calquera galegofalante sen facer distincións entre neofalantes e persoas cun nivel avanzado ou nativo.

O obxecto de estudo desta recadádiva son as unidades fraseolóxicas e non as expresións monolexicais. Por este motivo, só se recollerán expresións monolexicais que posúan carga metafórica, isto é, termos cuxo significado se pode comprender a través da imaxe que presentan.

### 3. Alcance

Nas seguintes páxinas, reúnen un total de 364 unidades fraseolóxicas e tres expresións monolexicais rexistradas entre os anos 2022 e 2024.

Segundo os datos dispoñibles na web do Instituto Galego de Estatística, o concello de Cariño contou, en 2023<sup>2</sup>, cun total de 3769 habitantes.

A localización xeográfica desta vila coincide coa área dialectal mindoniense do bloque central establecido por Fernández Rei (1990). Esta zona é característica por ter gheada, pola terminación –ao e pola pronuncia dos plurais con –s. Alén diso, o galego, nesta zona, sufriu unha gran represión durante o franquismo e iso afectou á lingua que se fala hoxe, caracterizada por unha gran presenza de castelanismos. Isto vese reflectido na fraseoloxía da zona e marcarase nesta recadádiva cunha etiqueta (CAST.). Igualmente, a identidade pesqueira da vila faise notar na fraseoloxía e tamén se sinalará cunha etiqueta (MAR.). Así mesmo, o léxico desta rexión non sempre está recollido na norma nin foi normativizado. Neses casos, indícase co símbolo \*.

### 4. Metodoloxía

Como xa se comentou no apartado anterior, en Cariño fálanse con gheada e unha parte do léxico empregado na zona non está normativizado e só se concibe coa pronuncia da gheada. Por este motivo, os exemplos e as unidades fraseolóxicas desta recadádiva representan graficamente este trazo dialectal co grafema *gh*. Ademais, os exemplos poden conter outro tipo de trazos dialectais característicos desta área (por exemplo, a conxugación dos verbos ‘ir’ e ‘haber’<sup>3</sup> ou a terminación –ao para os substantivos masculinos).

O proceso de recollida de datos consistiu, por unha banda, en elaborar unha listaxe de posibles informantes. Despois, contactouse cos e coas informantes para concertar unha entrevista. En total, participaron doce persoas naturais de Cariño que pertencen a distintos

<sup>2</sup> Os datos máis recentes que teñen dispoñibles ao público xeral a través do nomenclátor: [www.ige.gal](http://www.ige.gal)

<sup>3</sup> As formas conxugadas: ‘haiba’ e ‘fumos / fúchedes’.

rangos de idade (desde os 22 ata os 84 anos). A continuación, iniciáronse as entrevistas. En certos casos, as entrevistas deron lugar a xuntanzas e así fóronse rexistrando as unidades fraseolóxicas. Aos e ás informantes pediúselles achegar un exemplo de cada unidade que propoñían xunto cunha breve definición. Toda esta información anotouse nun documento conxunto no que, pouco a pouco, se ían engadindo as unidades que se rexistraban.

Por outra banda, como cariñesa que son, aproveitei esta vantaxe para recuperar unidades fraseolóxicas que xurdían en conversas espontáneas con xente de Cariño. Nestes casos, fun eu quen achegou a definición da unidade xunto cun exemplo. Isto indícase coa marca ‘[propio]’ en cada exemplo.

Unha vez rexistradas as 367 unidades fraseolóxicas e expresións monolexicais, era necesario clasificalas segundo a súa tipoloxía seguindo a clasificación proposta polo Proxecto de Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro que teñen dispoñible ao público a través do seu servizo de consultas. Esta clasificación baséase, en gran medida, na proposta por Corpas Pastor (1996) no seu *Manual de fraseología española*. Finalmente, revisáronse as unidades e achegáronse diversas etiquetas que proporcionan información adicional.

## 5. Recadádiva

A continuación, presentamos todas as unidades fraseolóxicas recollidas organizadas segundo a súa tipoloxía e por orde alfabética. Ademais, algunhas unidades conteñen etiquetas que proporcionan información sobre as súas características. Estas etiquetas sinalan o uso coloquial, vulgar ou humorístico; a orixe, o ton e a presenza de castelanismos ou termos non normativizados. Nos refráns, tamén se indican as súas respectivas variantes (empregadas na mesma rexión xeográfica).

### 5.1. Abreviaturas e símbolos

adv.: adverbio  
adx.: adxectivo  
cant.: cantiga  
CAST.: castelanismo  
col.: colocación  
col. v.: colocación verbal  
COLQ.: coloquial  
EUF.: eufemismo  
exp. mon.: expresión monolexical  
fórm.: fórmula  
HUM.: humorístico  
IRÓN.: irónico  
l. adv.: locución adverbial

l. adx.: locución adxectiva

l. subs.: locución substantiva

l. v.: locución verbal

MAR.: marítimo

PEX.: pexorativo

prov.: proverbio

[propio]: indica que o exemplo está elaborado pola autora.

ref.: refrán

subst.: substantivo

UF: unidade fraseolóxica

v.: verbo

VAR.: variante

VULG.: vulgar

\*: indica que a palabra non é normativa. Nos casos en que exista un termo equivalente recollido na norma, achegarase cunha nota ao pé.

## 5.2. Colocacións

1. **arriar todo** *col. v.* Irse, deixar un traballo ou tarefa. Exemplo: *Eran xa as dez da noite, aínda non acabara o traballo e arriou todo do canso que estaba.*

2. **mexar de campo** *col. v.* Ouriñar ao aire libre, normalmente, nun prado ou bosque. Exemplo: *Non aguantaba coas ganas e, ao final, tiven que mexar de campo.*

3. **ter potra** *col. v. COLQ.* Ter sorte. Exemplo: —*Merquei lotaría e gañei cen euros.* —*Que potra tes!*

## 5.3. Locucións

### 5.3.1. Locucións adverbiais

4. **a mares e moreas** *l. adv.* En cantidade abundante. Exemplo: *Teño limóns a mares e moreas.*

5. **a moreas** *l. adv.* En cantidade abundante. Exemplo: *Merquei mazás a moreas porque hoxe estaban rebaixadas.*

6. **á piqueira** *l. adv. MAR.* Dise de algo ou alguén que está preto, a curta distancia. Exemplo: *Dende aquí podes ir camiñando, que está á piqueira.* O piqueiro é a persoa encargada de dirixir unha embarcación. Por extensión, tamén se lle chama piqueira á zona onde se realiza ese traballo (na proa do barco). Cando a embarcación se aproxima a algo, sempre ten que estar alguén na piqueira.

7. **ao champlón**\* *l. adv.* Botar algo ou botarse alguén sen coidado. Exemplo [propio]: *Botouse ao champlón no sofá e case o rompe.*

8. **ao chiquilimpé**\* *l. adv.* Camiñar á pata coxa. Exemplo: *Escordei o nocello e agora vou camiñando ao chiquilimpé.*

9. **ás calabeiroghas**\* *l. adv.* Cando levas algo ou alguen enriba dos ombros. Exemplo: *Levei ao cativo ás calabeiroghas durante a procesión.*

10. **cando me/te/che/lle pete** [algo a alguén] *l. adv. COLQ.* Apetecer. Exemplo: *Aínda non sei a que hora marcharei para a festa. Xa irei cando me pete.*

11. **de boa fe** *l. adv.* Dise cando alguén fai algo con boas intencións. Exemplo: *Fixenlle a comida de boa fé e, por riba, enfadouse.*
12. **de boa ghana** *l. adv.* IRÓN. Dise cando alguén quere facer algo ansiadamente. Tamén se adoita empregar con ton irónico para expresar o contrario. Exemplo: *Veu con nós de compras de moi boa ghana.*
13. **de hoxe nun ano** *l. adv.* Dise cando algún evento puntual está por rematar. Exemplo: *–Vaia, xa rematou o entroido e aínda non estreei o disface de oso. –Non te preocupes, de hoxe nun ano xa o pos.*
14. **nin polo cu nin pola boca** *l. adv.* COLQ. VULG. Díselle a unha persoa que non fala nin responde. Exemplo: *Pasamos ao seu carón e non saudou nin polo cu nin pola boca.*

### 5.3.2. Locucións adxectivas

15. **coma conexo\* na berza**<sup>4</sup> *l. adx.* CAST. Moi concentrado/a. Exemplo: *Candela, cando estuda, está coma conexo na berza.*
16. **coma un croio** *l. adx.* PEX. **1.** Calidade de duro. Exemplo: *Comín esa galleta e estaba dura coma un croio.* **2.** En referencia ao físico de alguén ten o significado de moi feo/a. Exemplo: *–Que tal foi a cita? –Bueno, ademais de fachendoso, era feo coma un croio.*
17. **coma un fiunxo**<sup>5</sup> *l. adx.* Delgado/a. Exemplo: *David adelgazou moito, está coma un fiunxo.*
18. **coma un pepe** *l. adx.* Expresión que se di tras comer en exceso. Exemplo: *–Francisco, xa vas polo terceiro prato. –Si, e xa vou parar porque vou cheo coma un pepe.*
19. **coma un pito** *l. adx.* Enchouparse cando chove. Exemplo: *Fumos sen paraughas e mollámonos coma pitos.*
20. **todo/a cheo/a** *l. adx.* Dise cando alguén amosa orgullo ou satisfacción con algo. Exemplo: *Vai todo cheo lucindo a súa medalla*

### 5.3.3. Locucións substantivas

21. **roupa vella** *l. subs.* Calidade do prato de comida que se elaborou a partir das sobras doutro prato distinto. Exemplo: *Hoxe imos comer roupa vella, coa carne que sobrou de onte farei unhas croquetas.*
22. **ser un gható / ghatiño lambón** *l. subs.* Dise da persoa á que lle gusta moito comer lambadas ou doces. Exemplo: *–Trouxen tarta de chocolate e Xurxo papou a metade el só. –É un ghatiño lambón.*

### 5.3.4. Locucións verbais

23. **aburrir a un santo** *l. v.* Emprégase cando alguén non para de amolar. Exemplo: *Filliño, non mo repitas máis, aburres a un santo.*
24. **andar ao regho** *l. v.* Actuar con cautela, precaución. Exemplo: *Suspendeu o exame e, agora, coa recuperación, anda ao regho.*

<sup>4</sup> Termo normativo: coello.

<sup>5</sup> Termo normativo: fiúncho.



25. **andar de avelaiña l.** v. Dar voltas, ir dun lado a outro nun mesmo sitio. Exemplo: *Esta rapaza está a pórme nerviosa, anda de avelaiña pola casa e non para.*
26. **armar as de san Quintín l.** v. COLQ. Cando alguén berra, discute ou pega. Exemplo: *Déixao que veña, que lle vou armar as de san Quintín por romperme os lentes e non dicirmo.*
27. **ben deita de [alguén] l.** v. Dise de alguén que ten sorte por recibir a axuda doutra persoa. Exemplo: *Ben deita dos seus pais, que sempre lle coidan o neno polas tardes mentres el traballa.*
28. **botar/meter os cans na bouza l.** v. Dise a alguén que se mete na conversa de dúas persoas coa intención de criticar e propiciar unha discusión. Exemplo: *Iván, non metas os cans na bouza. Estás a lembrarlles asuntos que non conveñen, deixa que os irmaos discutan sós.*
29. **botarlle o ollo a [algo ou alguén] l.** v. Cando algo ou alguén chama a túa atención. Exemplo: *Xa lle botou o ollo o outro día a esa camiseta.*
30. **bourar en ferro frío l.** v. Esforzarse sen resultados. Exemplo: *Estudei un mes para o exame e suspendín igual. Sinto que estou a bourar en ferro frío.*
31. **caer [a alguén] unha boa l.** v. Castigo. Exemplo [propio]: *A Juan caeulle unha boa cando súa nai se enterou de que estaba a faltar a clases.*
32. **caer augha a Dios dar l.** v. Dise para indicar que chove moito e en grandes cantidades. Exemplo: *Cae augha a Dios dar. Levamos sen que cese a chuvia dende as sete da mañá e iso que xa son as oito da tarde.*
33. **caer chuzos de punta l.** v. COLQ. Utilízase para resaltar que está a chover moi forte e en abundancia. Exemplo: *Estabamos a xogar ao fútbol na praza e, de socato, comezaron a caer chuzos de punta.*
34. **caer no mar da pulgha l.** v. MAR. Dito mariñeiro que se emprega cando, ao recoller, o aparello o peixe vén picado. Por extensión, tamén se emprega en situacións de mala sorte. Exemplo: *Marchou traballar ao Reino Unido e, cando chegou, informárono de que non tiña o visado aprobado. O pobre caeu no mar da pulgha!*
35. **caghar de frío l.** v. VULG. Ter moito frío. Exemplo: *Brrr... Non puxen a chaqueta e agora estou caghando de frío.*
36. **caghar de medo l.** v. Ter moito medo. Exemplo: *Foise a luz e caghaches de medo.*
37. **caghar miñocas l.** v. Dise cando unha persoa ten moito frío. Exemplo [propio]: *Co vento que vai, estou aquí caghando miñocas.*
38. **caghar no conto l.** v. Quitarlle a ilusión ao darlle información nova sobre o asunto. Exemplo: *Pepe estaba feliz pensando que o venres celebraban o seu aniversario, pero, ao pouco, chegou Carla e caghoulle no conto ao dicirlle que o celebrarían o domingo.*
39. **caghar o demo no camiño [a alguén] l.** v. Saír algo mal a alguén. Exemplo: *A Marica caghoulle o demo no camiño. Marchaba de vacacións e tivo un accidente polo que acabou no hospital.*
40. **caghar virutas<sup>6</sup> l.** v. COLQ. **1.** Ter moito frío. Exemplo: *Abrígate, que estás caghando virutas* **2.** Ir rápido. Exemplo: *Cando lle dixeron que xa estaba recuperado, marchou do hospital caghando virutas.*

<sup>6</sup> Termo normativizado: lascas.

41. **cargarlle a caixa [a alguén]** *l. v.* COLOQ. Propinar unha serie de golpes a alguén. Exemplo: *Estabamos no bar tomando algo e armouse unha liorta. De súpeto, vin que Antonio lle carghou a caixa a Manolo.*
42. **chantarse con puntas e con cravos** *l. v.* COLOQ. Aferrarse a algo. Exemplo: *Non se quería ir da casa e chantouse con puntas e con cravos no sofá.*
43. **chegar tarde, mal e a rastro** *l. v.* Chegar a algún sitio con atraso, normalmente, por causas alleas á persoa. Exemplo: *Marcos perdeu o bus por mor da folga e, cando logrou subir nel, decatouse de que non levaba o caderno de apuntamentos e tivo que dar volta. Ao final, cheghou á clase tarde, mal e a rastro.*
44. **chegarlle [a alguén] [algo] ao lombo** *l. v.* Exceder a paciencia ou aguante de alguén. Exemplo: *Traballei todo o día, non podo máis, o traballo de hoxe chegoume ao lombo.*
45. **chegarlle [a alguén] [algo] ao peito** *l. v.* Verse superado/a por unha situación. Exemplo: *Hoxe chegoume ao peito o exercicio de pilates.*
46. **chorar coma un anaghado**<sup>7</sup> *l. v.* COLOQ. Chorar moito. Exemplo: *Non lle deixei ir á festa e púxose a chorar como un anaghado.*
47. **choverlle [a alguén] o teito** *l. v.* COLOQ. Non estar ben da cabeza. Exemplo: *—Acaba de pasar Mario e só levaba posto un zapato. Cando o avisei, díxome que era para ventilar o pé. —Non faighas caso, que a ese chóvelle o teito.*
48. **cuspir para arriba** *l. v.* Falar de máis ou sen saber. Exemplo: *Non cuspas para arriba, que mañán podes caer ti.*
49. **dar as voltas [a alguén]** *l. v.* Sinónimo de *facer as beiras*. Exemplo: *Viches como onte Paulo lle daba as voltas a Josefina? Eu penso que a ela non lle interesa.*
50. **dar pesos por pesetas** *l. v.* Enganar. Exemplo: *Merquei unha camiseta e estaba rota; déronme pesos por pesetas.*
51. **dar un pao\* na boca** *l. v.* Desexar que algo que se dixo non aconteza. Exemplo: *—Xa me tarda morrer. —Non digas iso, dá un pao na boca.*
52. **dar un peto na mesa** *l. v.* Cansarte de algo ou alguén e manifestar a túa opinión ao respecto. Exemplo: *Non paraban de dicir parvadas e tiven que dar un peto na mesa.*
53. **dar/non dar para un bon\* asado [unha persoa]** *l. v.* IRÓN. Estar gordo ou delgado. Exemplo: *Ese can está repoludiño, daba para un bon asado.*
54. **deixar [algo/alguén] á mangha do demo** *l. v.* 1. Desorde, desastre. Exemplo: *Despois de cociñar, estaba tan cansa que deixei todo á mangha do demo.* 2. Dise daquilo que está sen control e descoidado. Exemplo: *Fumos ao parque e a veciña deixou aos cativos á mangha do demo.*
55. **dobrar o lombo** *l. v.* Traballar. Exemplo: *A ver se te contratan e así aprendes a dobrar o lombo.*
56. **doer [a alguén] a cona de saber [algo]** *l. v.* VULG. Saber algo. Exemplo: *Dóelle a cona de saber que Xoán ten moto.*
57. **encher a andorgha**<sup>8</sup> *l. v.* COLOQ. CAST. Comer moito. Exemplo: *Había churrasco e enchiu ben a andorgha, moito lle soupo.*

<sup>7</sup> Termo normativizado: anegado.

<sup>8</sup> Termo normativizado: estómago.

58. **encher o bandullo** *l. v.* COLOQ. Comer moito. Exemplo: *Non enchas tanto o bandullo, que logo vas ter dor de barriga.*
59. **encher o hórreo** *l. v.* COLOQ. Comer moito. Exemplo: *Cada vez que vén comer, enche moito o hórreo.*
60. **estar [algo ou alguén] que bota lume** *l. v.* COLOQ. 1. Ser/estar algo moi caro. Exemplo: *Cada vez soben máis os prezos dos alimentos. Onte quixen mercar 1 kg de mazás e estaban que botaban lume.* 2. Persoa cabreada. Exemplo: *A Xurxo adiáronlle a cita no dentista e está que bota lume.*
61. **estar [algo] no aire** *l. v.* Calidade de incerto. Exemplo: *–Ao final, imos marchar de vacacións? –Pois aínda está no aire porque non me confirmaron os días no traballo.*
62. **estar a barlovento** *l. v.* Non ter preocupacións. Exemplo: *Eu estou a barlovento. Non teño nada que facer.*
63. **estar a caer unha boa** *l. v.* Chover con forza e de maneira abundante. Exemplo: *Escoita como bate a chuvia nas ventás. Hoxe está a caer unha boa.*
64. **estar á paparrandola / paparrandona\*** *l. v.* Dise cando alguén está a descansar ou cando non fai nada mentres os demais si. Exemplo: *Eu aquí arreglando o lavabo e ti na praia á paparrandona.*
65. **estar atento/a coma na misa** *l. v.* Prestar moita atención a algo ou alguén. Exemplo: *O neno estaba atento coma na misa cando lle explicaches como funcionaban os trens.*
66. **estar coma un bocoi** *l. v.* Estar gordo/a. Díselle a alguén para xulgar o seu aspecto físico. Exemplo: *Teño que empezar a ir ao ximnasio que estou coma un bocoi.*
67. **estar feito un valdroghas / ser un valdroghas** *l. v.* Desaliñado/a, descoidado/a. Exemplo: *Vaite duchar e bota a roupa a lavar, que estás feito un valdroghas.*
68. **estar pa\* outra<sup>9</sup>** *l. v.* COLOQ. Calidade de recuperado/a. Recuperarse dunha enfermidade ou doenza. Exemplo: *–Que tal estás? Díxome Carme que te operaron da man. –Estou moi ben. Curei axiña e xa estou pa’outra.*
69. **estar papando (nas) moscas** *l. v.* Estar despistado/a. Díselle a alguén que está distraído/a. Exemplo: *Preguntáronlle a lección e non soubo que responder porque estaba papando moscas.*
70. **facér [de alguén] un pandeiro** *l. v.* Manipular a alguén. Exemplo: *Ese xefe teu fai de ti un pandeiro. Aprovéitase da túa bondade.*
71. **facér da capa un saio** *l. v.* Ser capaz de saír dunha situación adversa. Exemplo: *–Estaba chovendo e non levaba paraugas, así que, collín unha bolsa e cubrinme con ela para non mollarme. –Fixeches da capa un saio.*
72. **facér fu coma o gható** *l. v.* Dise cando algo non che gusta. Exemplo: *Ofrecinlle xudías para comer e fixo fu coma o gható.*
73. **facér unha caldeirada** *l. v.* Facer unha falcatuada ou algo mal. Exemplo: *Déixote cinco minutos soa e xa fixeches unha caldeirada.*

<sup>9</sup> Pa: apócope de ‘para’.

74. **facen unha calor que non paran nin os cans** *l. v.* Dise cando a temperatura é moi elevada. Exemplo: *Sáin á rúa e facía unha calor que non paraban nin os cans.*
75. **facen unha que valla por dúas** *l. v.* Dise ante unha acción que é mellor non facer porque pode empeorar a situación. Exemplo: *Estou pensando en arreglar eu o coche, pero mellor lévoa ao taller. Non vaia ser que faigha unha que valla por dúas...*
76. **facen/ter cartos coma a palla** *l. v.* Gañar moito diñeiro. Exemplo: *Marchou traballar a Suíza e agora está a facer cartos coma a palla.*
77. **facerlle a cama [a alguén]** *l. v. COLQ.* Deixar todo feito a alguén. Exemplo: *Ese está de director porque xa lle fixo a cama seu pai, que é o dono da empresa.*
78. **facerlle as beiras [a alguén]** *l. v.* Flirtear. Sinónimo de *dar as voltas a alguén*. Exemplo: *–Ai, Marta, que ghuaipiña eres! Cando queiras, imos cear xuntos. –Non me faighas as beiras, Luís, que somos amigos.*
79. **faltar [a alguén] dúas ferveduras** *l. v. EUF.* Dise da persoa que non é aleuta. Exemplo: *A ti fáltanche dúas ferveduras. Deixaches o forno aceso, non metiches o biscoito porque che quedou na neveira e marchaches pasear. Non ardeu a casa de milagre!*
80. **faltar o canto dun dente** *l. v.* Faltar moi pouquiño, quedar algo moi axustado. Sinónimo de *estar a piques de*. Exemplo: *Faltouche o canto dun dente para rascar o coche.*
81. **gritar coma un colludo/a** *l. v.* Dise da persoa que berra moito. Exemplo: *Baixa un pouco o ton, que gritas coma un colludo e estou sentada ao teu lado.*
82. **haber abarrote\* no Parrote**<sup>10</sup> *l. v. COLQ. CAST.* Indica que un lugar está cheo de xente, colapsado. O Parrote é unha zona da cidade da Coruña que adoita ter moita afluencia. Exemplo: *Fun ao Gadis e había abarrote no Parrote.*
83. **ir [a alguén] ao peito** *l. v.* Ferir a alguén emocionalmente. Exemplo: *Estaban a discutir e soltou un comentario que lle foi ao peito.*
84. **ir a lúa abaixo** *l. v.* Anoitecer. Exemplo: *Xa vai a lúa abaixo e nós sen cear.*
85. **ir cobrar** *l. v.* Levar unha serie de golpes. Exemplo: *Como non pares de tirarme do cabelo, vas cobrar.*
86. **ir de aquí á Tortela** *l. v.* Dise, en Cariño, cando se fai algo perigoso, xa que A Tortela é o nome do lugar en que se localiza o cemiterio. Exemplo: *Que fas aí subida? Como caías, vas de aquí á Tortela.*
87. **ir de balde** *l. v.* Dise tras facer un esforzo e non lograr o que se pretendía. Exemplo: *Chegamos e estaba todo pechado. Fumos de balde.*
88. **ir de farrada\*** *l. v.* Ir de festa. Exemplo: *Polo teu aniversario, irás de farrada, non?*
89. **ir e vir como a faba na ola** *l. v.* Dise da persoa que cambia de opinión e de parecer rapidamente. Exemplo: *Matilda vai e vén como a faba na ola. Onte díxome que non lle gustaba ir ao teatro e hoxe convidoume a ir con ela [ao teatro].*
90. **ir mexar o medo** *l. v.* Expresión que se utiliza cando a alguén lle entra a gana de ourriñar por estar nervioso/a. Habitualmente, utilízase en primeira persoa e, así, indícase que se vai ao servizo. Exemplo: *Non sei a que esperan para chamarnos ao exame. Teño que volver ao servizo, vou mexar o medo e veño.*

<sup>10</sup> Termo normativo: abarrotamento.

91. **ir o comido polo servido** *l. v.* Facer un favor e recibir outro a cambio. Exemplo: *Leveille limóns á veciña e deume un biscoito. Xa foi o comido polo servido.*
92. **ir poñer o santo** *l. v. COLQ.* Acción de acudir á Capela de San Xiao o día da romería e recibir unha bendición. Exemplo: *Moito bailar e moito falar, pero aínda non fuches poñer o santo, ou si?*
93. **irille [a alguén] [algo] ao lombo** *l. v. COLQ.* Atacar. Exemplo: *O gható viu ao rato e foille directo ao lombo.*
94. **irse [a alguén] o santo ao ceo** *l. v.* Esquecer algo. Exemplo: *Ai! Non sei que viña facer á cociña. Fóiseme o santo ao ceo.*
95. **irse [algo a alguén] pola ghorxa pequena** *l. v. COLQ.* Atragoarse. Exemplo: *Estabamos comendo e fóiseme pola ghorxa pequena. Levei un susto! Pensei que afogaba.*
96. **írselle [a alguén] a forza pola boca** *l. v. COLQ.* Sinónimo da UF 97. Dise da xente que sempre se está a chufar, pero logo non cumpre coas expectativas que crea sobre si mesmo/a. Exemplo: *Xulio sempre di que é o mellor xogando ao fútbol, pero logo, cando o retan a un partido, sempre di que non. Váiselle toda a forza pola boca.*
97. **írselle [a alguén] a forza polo cu** *l. v. VULG.* Sinónimo da UF 96. Díselles ás persoas que anuncian que van facer moitas cousas e logon non as cumpren. Exemplo: *Dixo que lle ía reclamar ao xefe as horas libres. Ao final, cando llo preguntaron na reunión, quedou calado. Fóiselle toda a forza pola cu.*
98. **levar un correlo** *l. v. COLQ.* Recibir un castigo. Exemplo: *Usou o móbil na clase e levou un correlo.*
99. **levar unha malleira** *l. v. 1.* Levar moitos golpes. Exemplo: *Se segues a insultar a José, vas acabar levando unha malleira* 2. Quedar moi canso. Exemplo: *Hoxe levei unha malleira. Estiven todo o día a traballar no terreo.*
100. **levar unha xota** *l. v.* Levar un golpe no cu como castigo. Exemplo: *Como continúes desobedecendo, vas levar unha xota.*
101. **levarlle a vida [a alguén]** (referido a un alimento/comida) *l. v.* Ter moita gana de comer algo pola súa aparencia. Exemplo: *Lévanme a vida eses bombóns.*
102. **máis me/le valera morrer** *l. v.* Expresa desgana por facer unha cousa que supón moito esforzo. Exemplo: *–Vas ter que cargar ti coas patacas ata casa porque rompeu o carriño da bolsa. –Uf... Máis me valera morrer.*
103. **meter a zoca** *l. v. LIALA,* meter a pata. Facer algo mal. Exemplo: *Metiches a zoca. Non llo podías dicir porque era unha sorpresa!*
104. **mexar fóra do testo** *l. v.* Dise das persoas que non ven a realidade e fantasean con mentiras. Exemplo: *–Vou mercar un maserati. –Ti mexas fóra do testo.*
105. **morrer de pena** *l. v.* Aburrirse, cansarse. Exemplo: *Como tardes un anaco máis, vou morrer de pena.*
106. **morrer de sono** *l. v.* Estar moi canso e con gana de durmir. Exemplo: *Pon ao neno a durmir, que está morrendo de sono.*
107. **non cagharlle o cu [a alguén]** *l. v. VULG.* Dise da persoa que non se pode aguantar, que ten urxencia por facer algo, en moitos casos, cando lle aconsellan esperar. Exemplo: *–Imos entrando xa? –Non che cagha o cu. Dixéronnos que ata as dez non podíamos pasar.*

108. **non dar [a alguén] a peza pa\* o tacón** *l. v.* Diselle a quen non ten recursos suficientes para levar a cabo algo. Habitualmente, emprégase en referencia aos cartos. Exemplo: *Quere marchar de viaxe, pero non lle dá a peza pa' o tacón.*
109. **non dar [alguén] (nin) a merda que cagha** *l. v.* VULG. Dise de alguén moi agarrado/a. Exemplo: *–Estiven a falar con Pedro sobre o agasallo que lle imos mercar a María e dixo que se había que poñer cartos, el non participaba. –Puf... Pedro sempre igual de coreño, non dá nin a merda que cagha!*
110. **non estar para contos** *l. v.* Expresa un estado de ánimo baixo, desgana e cansazo. Exemplo: *–Neniña, teño que pedirche outra vez que me veñas axudar coa conexión a Internet. –Síntoo, pero hoxe non estou pa contos. Iso pode esperar.*
111. **non ghanar\* pa\* disghustos** *l. v.* Dise cando acontece unha serie de situacións adversas. Exemplo: *Cain pola rúa mentres ía paseando e, logo, chamáronme para dicirme que non me deron o traballo. Estou que non ghanan pa' disghustos.*
112. **non ir ben [a alguén]** *l. v.* IRÓN. Non estar conforme. Diselle á persoa que necesita facer algo á súa maneira e sen importarlle o que lle din os demais. Exemplo: *Non che vai ben se non es ti quen pos a bandeira, eh!*
113. **non rascar bóla** *l. v.* COLQ. Non facer nada, vaguear. Exemplo: *Hoxe botei todo o día na casa e non rasquei bóla.*
114. **non ser [alguén] do teu/seu tempo** *l. v.* EUF. Dise da persoa que non é aleuta ou que fai unha parvada. Exemplo: *Este non é do seu tempo. Puxo as fabas a ferver sen auga.*
115. **non ser nin xeito nin maneira** *l. v.* Non facer algo ben. Dise cando alguén non está a facer algo como debe. Exemplo: *Ese non é xeito nin maneira de dobrar a roupa.*
116. **non ter collada\*** *l. v.* Dise cando non hai un interese/beneficio en algo. Exemplo: *–Hoxe Juan non vén? –Non, que non ten collada. Onte si porque tamén estaba Braulio e son moi amigos.*
117. **non ter paraxe** *l. v.* Calidade de inquieto/a. Diselles ás persoas que non poden estar quietas nun sitio e sempre teñen que estar a facer algo. Exemplo: *Ese neno está todo o día brincando. Non ten paraxe.*
118. **non ter peso [alguén]** *l. v.* Dise das persoas nas que non se pode confiar porque sempre cambian de parecer. Exemplo: *Ti non tes peso ninghún. Ontes dixéchesme que estabas de acordo comigo e agora poste da súa parte.*
119. **non ter sentido ninghún [alguén]** *l. v.* Dise das persoas que son irresponsables. Exemplo: *Ti non tes sentido ninghún. Deixaches ao neno só no coche.*
120. **non ter xeito** *l. v.* Algo que non ten sentido, que non está ben. Exemplo: *Iso non ten xeito. Como vas comezar a casa polo tellado?*
121. **o demo me leve se + [cláusula]** *l. v.* Utilízase para indicar que o/a interlocutor/a está a dicir a verdade. Exemplo: *O demo me leve se non fun eu quen deixou o lume aceso.*
122. **oír campás e non saber onde** *l. v.* Ter información errónea sobre un asunto. Diselle a quen fala dun asunto que malinterpretou ou non comprende. Exemplo: *Díxome que Pedro era médico, pero é veterinario. Oe campás e non sabe onde.*



123. **oir campás onde non as hai** *l. v.* Fantasear sobre algo que non é real. Díselle ás persoas que soñan con que algo improbable ocorra. Exemplo: – *Xa me dixeron meus pais que, cando sacase o carné, ían dar-me o seu coche. –Ti oes campás onde non as hai. Dixeron que cho prestaban para que foses traballar.*
124. **paghar [alguén] por bo/a** *l. v. PEX.* Dise con sorna cando se pasa preto de alguén que non é boa persoa e hai risco de ter un accidente. Exemplo: *Ten coidado con ese, que despois hai que paghalo por bo.*
125. **paghar o pandote** *l. v.* Sinónima da UF 184. Levar a culpa, ter que facerse cargo dunha responsabilidade que ninguén quere ter. Exemplo: *Deixaron todo sucio. Tocoume pagar o pandote [de recoller].*
126. **parecer de Figueiroa** *l. v.* Despedirse e non marchar. Dise que os/as habitantes de Figueiroa (concello de Cariño) anuncian varias veces que van marchar e non o fan ata pasado un tempo. Exemplo: *Xa parezo de Figueiroa, dixen hai media hora que marchaba e aínda sigo aquí.*
127. **parecer/andar coma unha avisión**<sup>\*11</sup> *l. v.* Dise da persoa que está a moverse pola casa moi axiña e sen dicir nada. Exemplo: *Andas de avisión e o can púxose a ladrar porque non sabía quen eras.*
128. **pasar a boeta** *l. v.* Pedir e/ou recoller cartos. Exemplo: *Fun á casa dos avós e xa pasei a boeta. Déronme cinco euriños cada un.*
129. **pedir [algo a alguén] o corpo** *l. v.* Dise cando tes gana de facer algo, pero sen coñecer o motivo. Exemplo: *Con esta música teño moitas ganas de poñerme a bailar. Pídeme o corpo.*
130. **perder a mao**<sup>12</sup> **[alguén]** *l. v.* Perder a maña, o hábito. Que algo non saia tan ben como saía antes. Exemplo: *Levo meses sen cociñar arroz e xa perdín a mao.*
131. **picar billete** *l. v.* Marchar dalgún sitio, habitualmente, con prêsa. Exemplo: *Cheguei eu facerlle o relevo e picou billete.*
132. **picar o chicote** *l. v. MAR.* Dise cando alguén corta relacións con outra persoa. Exemplo: *Picou o chicote coa familia porque sempre estaban a pedirlle cartos.*
133. **picarse [a alguén] o mar** *l. v. MAR.* Enfadarse. Exemplo: *Estaban a berrarlle e non se lle picou o mar. Colleu e marchou sen dirixirles a palabra.*
134. **poñer o carro diante dos bois/da vaca** *l. v.* Consello que indica que é mellor non adiantarse aos acontecementos. Exemplo: –*Acabo de inscribirme na autoescola. Mañá vou mirar no concesionario se teñen algún coche de segunda man. –Muller, non poñas o carro diante dos bois, que primeiro tes que aprobar os exames.*
135. **poñerse nas patas de atrais**<sup>\*13</sup> *l. v. COLQ.* Díselle a alguén cando se enfada. Exemplo: *Dixenlle que non podía vir con nós e púxose nas patas de atrais.*

<sup>11</sup> Forma normativizada: visión.

<sup>12</sup> Forma normativizada: man.

<sup>13</sup> Forma normativa: atrás.

136. **quebrar o xuramento** *l. v.* Cumprir unha promesa ou xuramento. Exemplo: *–De verdade que vas deixar o neno no móbil unha semana? –Avisado estaba. Hai que quebrar o xuramento.*
137. **queimarlle [a alguén] os cartos** *l. v. COLQ.* Díselle á persoa que non sabe aforrar e que tan pronto ten cartos, os gasta. Exemplo: *–Hoxe cobrei, así que, xa podo mercar o móbil novo. –A ti quéimanche os cartos.*
138. **scarse/facer [algo] co zoco** *l. v. COLQ.* Con facilidade. Exemplo: *Aparcar en paralelo non era tan difícil, fíxeno co zoco.*
139. **saír escaldado/a** *l. v.* Saír mal parado/a dunha situación. Exemplo: *Pensaches que ao levarlle flores xa te ía perdoar, pero, ao final, acabou lembrándoches o que fíxeches mal e saíches escaldada.*
140. **saír nun paxe** *l. v.* Saír beneficiado/a dunha situación. Exemplo: *–Fíxenlle unha visita á avoa e deume cinco euros. –Caramba! Saíches nun paxe.*
141. **saír pitando** *l. v.* Marchar axiña dun lugar. Exemplo: *Cando viú que o bus estaba na parada, saíu pitando da casa.*
142. **ser [alguén] (coma) un paxe** *l. v.* Dise da persoa que non causa molestias. Exemplo: *–Que tal vai coa nena? –De marabilla. É coma un paxe.*
143. **ser [alguén] unha chona** *l. v. MAR.* Dise da persoa que non causa molestias. Exemplo: *Este rapaz é unha chona. Traballei con el moitos anos e nunca un problema causou, sempre estaba disposto a axudar.*
144. **ser/parecer [alguén] a porta da vila** *l. v.* Anunciar todo. Non ser capaz de gardar un segredo. Exemplo: *–Sabes que vou ter un neto? –Como? Pero se estiven coa túa filla hai un anaco e dixeron que ía ser un segredo ata que nacesse o bebé. Pareces a porta da vila.*
145. **ser [alguén] bo peixe** *l. v. MAR.* Dise da persoa que non ten boas intencións ou que actúa en beneficio propio. Exemplo: *–Vou deixar o can solto e así non teño que pasealo. –Ai, ti es bo peixe. Ao pobre can poden atopelalo.*
146. **ser [alguén] boa pola** *l. v.* Dise da persoa que non ten boas intencións ou que actúa en beneficio propio. Exemplo: *–Vou deixar o can solto e así non teño que pasealo. –Ai, ti es boa pola. Ao pobre can poden atopelalo.*
147. **ser [alguén] caghada/o burada/o** *l. v.* Semellarse, parecerse, a alguén. Exemplo: *Es caghada burada a teu pai, con eses ollos que tes, ninguén o pode neghar.*
148. **ser [alguén] coma un allo** *l. v.* Dise da persoa intelixente ou que ten pillería para entender todo á primeira. Exemplo: *–Mamá, tes que facer así para que funcione –Pois si! Tiñas razón. Es coma un allo.*
149. **ser [alguén] (coma) un arado de ferro** *l. v.* Traballar moito e sen parar. Exemplo: *–Concha leva meses cuidando da nai. Non sei como aguanta. –É un arado de ferro.*
150. **ser [algo ou alguén] de gheghei\*** *l. v.* Ser pouco fiable. Aplícase tanto a persoas como a obxectos. Exemplo: *Non me sexas de gheghei. Conto contigo para ir á festa.*
151. **ser [alguén] espléndido/a** *l. v.* Dise da persoa xenerosa. Exemplo: *Ti es moi espléndida cos cartos, sempre tes un euriño para darlle á xente.*
152. **ser [algo] faxeiro/a\*** *l. v.* Dise do que é de mala calidade ou está mal feito. Exemplo: *Fun ao bazar mercar unha cámara faxeira para que non ma rouben.*



153. **ser [algo ou alguén] ghrande coma o mes de maio** *l. v.* Dise de algo ou alguén que se considera excesivamente grande. Exemplo: – *Mira vaia peixe acabo de pescar! Non colle no caldeiro. –A ver? Tes razón. É ghrande coma o mes de maio.*
154. **ser [alguén] madrileño/a** *l. v.* Deixar a porta da casa aberta despois de entrar. Exemplo: *Madrileño! Pecha a porta ou es de Madrid?*
155. **ser máis [adxectivo] ca onde os fan** *l. v.* Aplícase xunto cun adxectivo despectivo. Exemplo: *O veciño é máis malo ca onde os fan. Sempre a poñer música cando poño os nenos a durmir.*
156. **ser [alguén] máis malo que a xuncia**<sup>14</sup> *l. v.* Dise cando alguén é moi malo/a, compárase cunha mala herba. Exemplo: –*Vou esconder os xoguets para que cando chegue non os atope. –Non fagas iso, ho. Es máis mala que a xuncia.*
157. **ser [alguén] máis retorto/a ca o rabo dun porco** *l. v.* Raro, estraño. Dise das persoas que fan algo dunha maneira particular. Exemplo: –*Vou acender a lanterna para ver mellor. –Es máis retorto ca o rabo dun porco. Se acendes a luz xa está.*
158. **ser [alguén] maruxa do desghoberno** *l. v.* Aplícase ás persoas que queren gobernar e organizar as cousas á súa maneira. Exemplo: –*Estou a limpar e, de paso, vou cambiarlle os mobles de sitio a miña nai. Non me ghusta como os ten colocados. –Non sexas maruxa do desghoberno, déixaos como están.*
159. **ser [alguén] un anicrou\*** *l. v.* 1. Subs. Fai referencia a unha persoa de pouca estatura. Exemplo: *Que pequeno é ese cativo! É un anicrou.* 2. Adx. Calidade do que avulta pouco. Exemplo: –*Fun pescar e mira, só collín este peixiño. –A ver? Vaia peixe máis anicrou.*
160. **ser [alguén] un cocón\*** *l. v.* Dise das persoas que non socializan e apenas falan. Exemplo: *Esta nena é un cocón. Saudeina e baixou a cabeza.*
161. **ser [alguén] un lastre** *l. v.* PEX. Dise da persoa que dificulta unha tarefa. Exemplo: *Non sei por que te trouxen se es un lastre. Estou a varrer e ti a ciscar cousas polo chan.*
162. **ser [algo ou alguén] un merlo branco** *l. v.* Ser/resultar algo ou alguén estraño ou extraordinario. Exemplo: *Dixéronme que a rapaza nova é un merlo branco. Entre tanto preguiceiro, destaca por ser a que máis se esforza.*
163. **ser [alguén] un/unha miñaxoia** *l. v.* 1. Ser unha persoa que transmite pena. Exemplo: –*O neno púxose a chorar cando lle dixen buuuuh! –Miñaxoia.* 2. Diselle á persoa que é pouca cousa. Exemplo: –*Aparta de aí ou levas! –Pero que dis? Se es un miñaxoia.*
164. **ser [alguén] un/unha mixiriqueiro/mixiricas**<sup>15</sup> *l. v.* COLQ. PEX. Dise dunha persoa medorenta, pouco valente. Exemplo: *Non sexas mixiricas, que aínda que esteña a luz apagada, podes subir igual.*
165. **ser [alguén] un saco/saquiño sen fondo** *l. v.* Diselle a alguén que come unha gran cantidade de comida. Exemplo: –*Que rico está o caldo! Vou comer outro prato. –Es un saquiño sen fondo.*

<sup>14</sup> Termo normativizado: ‘xunca’.

<sup>15</sup> Do verbo ‘mexericar’.

166. **ser [alguén] un/unha santo/a l.** v. IRÓN. Ser unha boa persoa, aínda que, ás veces, pode empregarse con ton irónico e, nese caso, o significado sería o oposto. Exemplo: *–Teu fillo é un santo. Sempre obedece e compórtase ben.*
167. **ser un santo... da lacena l.** v. IRÓN. Díselle a alguén que di ser moi boa persoa e portarse ben cando non é certo. Exemplo: *–Eu? Eu non rompín o prato. Estiven sentado facendo os deberes como me mandaches. –Si, ti agora es un santo... da lacena.*
168. **ser [alguén] un toxo/toxiño bravo l.** v. Dise das persoas que teñen un carácter arisco. Exemplo: *Que toxiño es! Viñeron preguntarche por direccións e ti mandácheslles preguntar a outra persoa.*
169. **ser [alguén] un xan l.** v. COLQ. Ser boa persoa, obediente. Exemplo: *Mario é un xan. Sempre fai todo o que lle pide seu irmao sen protestar.*
170. **ser [alguén] un/unha fughilla\* l.** v. Ter moita enerxía. Díselles ás persoas que non poden estar quietas durante moito tempo. Exemplo: *Es un fughilla. Primeiro fuches ao salón e agora ves á cociña. A ver se acougas un pouco.*
171. **ser [alguén] un/unha paxolo/a\* l.** v. Dise de quen é moi tranquila/o e non causa molestias. Exemplo: *Este gható é un paxolo. Bota todo o día na casa a durmir e só sae para facer as súas necesidades.*
172. **ser [alguén] un/unha rémora l.** v. MAR. Carecer de valor. Dise da persoa que non axuda. Exemplo: *Puxémonos todos a empurrar o coche para que arrancase e Marta a sacar fotos co móbil. É unha rémora.*
173. **ser [alguén] un/unha zonento/a\* l.** v. Facer as cousas sen avisar, ás agachadas. Exemplo: *É un zonento. Pasou polo meu lado e ti pensas que saudou?*
174. **ser/ter cabeza de vento l.** v. 1. Dise da persoa que cambia de opinión con rapidez. Exemplo: *Es un cabeza de vento. Antes querías que te acompañase e agora que estou aquí, xa non.* 2. Dise da persoa que esquece cousas con facilidade. Exemplo: *Ai, cabeza de vento, esqueciches das chaves? Menos mal que quedei eu na casa, se non, ías ter que esperar.*
175. **subir o prezo do pan l.** v. Dise cando alguén di unha parvada. Exemplo: *–Para facer fabas non hai que usar chourizo. –Cala. Cando falas sobe o prezo do pan.*
176. **tentar o aparello l.** v. MAR. Probar sorte con algo. Exemplo: *Non tentes o aparello que, desta vez, non che vai funcionar.*
177. **ter a rebixe\*<sup>16</sup> l.** v. Cando alguén está inquieto/a ou un neno/unha nena que é un bulebulé. Exemplo: *Ti tes a rebixe. Levas todo o día sen parar quieto e cunha enerxía inesghotable.*
178. **ter [alguén] dous problemas l.** v. Dise cando alguén se enfada por algo e non ten razón. Exemplo: *–Seica Maruxa se enfadou comigo porque lle axudei a subir as escaleiras. – Pois xa ten dous problemas.*
179. **ter [alguén] máis cara ca un lorcho l.** v. Dise da persoa que utiliza as e os demais para que fagan as cousas por ela. Exemplo: *Ti tes máis cara ca un lorcho. Pídesme que te axude a recoller e vas e túmbaste no sofá a durmir.*

<sup>16</sup> Termo normativizado: ‘rebinxe’.

180. **ter [algo] moita saca** *l. v.* Dise de algo que ten moi bo resultado. Exemplo: *Os biscoitos que levei á festa tiveron moita saca. Á media hora, xa non quedaba ningún.*
181. **ter [algo ou alguén] o seu aquel** *l. v.*  
**1.** Dise de algo ou alguén que destaca, que resulta atractivo/a. Exemplo: *Non adoito fixarme nos rapaces loiros, pero ese amigo teu ten o seu aquel.* **2.** Dise de algo que precisa dun truco para realizarse. Exemplo: *Non conseguiches abrir a porta porque a pechadura ten o seu aquel. Para abri-la, tes que empurrar a chave cara arriba.*
182. **ter os collóns de ouro** *l. v. VULG.* Dise da persoa que actúa sen pensar e, na maioría dos casos, di ou fai cousas cunha repercusión negativa. Exemplo: *—Este home ten uns collóns de ouro. Acaba de dicirme que a diferenza del eu non sei o que é ter responsabilidades. Eu teño tres fillos e el nunca saíu da casa dos seus pais.*
183. **ter que zocala** *l. v. MAR.* Realizar unha tarefa pesada. Exemplo: *Non quería ir ao traballo hoxe, pero vou ter que zocala.*
184. **tocar [a alguén] o pandote** *l. v.* Sinónima da UF 125. Dise cando a alguén lle toca realizar unha tarefa pesada. Exemplo: *Non había ninguén*
- que se ofrecese a subir as patacas e, ao final, tocoume a min o pandote. Non hai ascensor e había que deixalas no terceiro piso.*
185. **ver o ceo aberto** *l. v.* Ter liberdade para actuar sen impedimentos. Exemplo: *Cando os pais lle dixeron que non ían estar en casa o día do seu aniversario, viu o ceo aberto, pois iso significaba que podía facer unha festa.*
186. **vir coas pallas no cu** *l. v.* Saír mal parado/a dunha situación. Exemplo: *Fuches buscando ouro e viñeches coas pallas no cu.*
187. **vir con lérias** *l. v.* Poñer escusas. Exemplo: *—Non fixeches os deberes? —Papá, xa sabes que hoxe quedei cunhas amigas e, de paso, aproveitei para visitar á avoa, que estaba soa e... —Non me veñas con lérias e ponte a facelos!*
188. **vir de volta** *l. v.* Indica que unha acción que se lle fai a alguén vaina recibir a persoa que a executa. Exemplo: *Ai si? Vasme deixar aquí coas bolsas da compra e ti marchar no coche? Vaiche vir de volta.*
189. **xirar [a alguén]** *l. v.* Enviar cartos. Exemplo: *Mentres os pais lle xiren, non vai ter problema para pagar os seus caprichos.*

## 5.4. Enunciados fraseolóxicos

### 5.4.1. Fórmulas

190. **...ou?** *fórm. COLQ.* Indica unha opción contraria ao que se acaba de dicir. Exemplo: *Que moreno estás, fuches de vacacións, ou?*
191. **A comere\*!** *fórm.* Exclamación que se emprega tanto para indicar que a comida xa está feita como para chamar a alguén á mesa para comer. Exemplo [propio]: *Xa está a mesa posta, a comere!*
192. **A varrer!** *fórm.* Utilízase cando se fai ou se di algo nun momento pouco axeitado. Exemplo: *A varrer! Atrancou a rúa por aparcar en dobre fila.*

193. **A ver, ho!** *fórm.* Exclamación que indica desdén. Emprégase cando alguén está a facer algo mal ou non o dá rematado de facer. Exemplo: *A ver, ho! Acaba dunha vez, que temos que ir ao exame.*
194. **A vere\*!** *fórm.* Exclamación utilizada para apremiar a alguén cando non logra avanzar no que fai. Exemplo: *A vere! Acaba xa, que non temos todo o día.*
195. **Aí che queda** *fórm.* Utilízase para indicarlle a alguén desinterese por algo que, ao inicio da conversa, si lle interesaba. Exemplo: *Maruxa, déixasme a túa chaqueta verde? –Ai, Carme, sempre estás a pedir, terei que deixarcha... –Boh, se te pos así, non a quero, aí che queda.*
196. **Aí che vai que che preste** *fórm.* Díselle a alguén cando consegue algo que devecía. Exemplo: *Ala... tanto querías que chovera, pois aí che vai que che preste. Non para de caer auga.*
197. **Aí van as perdas do ano!** *fórm.* IRÓN. Cando se gasta poucos cartos. Exemplo: *Ai! Merquei unha pera, aí van as perdas do ano!*
198. **Aí vén Pedro Chosco** *fórm.* Dise cando alguén vocexa ou amosa signos de ter sono. Exemplo: *Ai, chuliña, non paras de bocexar; aí vén Pedro Chosco.*
199. **Aló fun!** *fórm.* Dise cando caes. Exemplo: *Aló fun! Caín no charco.*
200. **Aló vai!** *fórm.* **1.** Dise cando alguén ou algo cae. Exemplo: *Aló vai! Caeu no mar.* **2.** Dise cando alguén morre. Exemplo: *Aló vai Manolo, que Deus o descanse.*
201. **Apareceu o paraughas!** *fórm.* HUM. Dise cando alguén chega inesperadamente. Exemplo: *–Ola, sinto chegar tan tarde. –Apareceu o paraugas! Pensei que xa non viñas.*
202. **Arre carallo!** *fórm.* Dise cando alguén non é capaz de facer algo. Exemplo: *Arre carallo! Non dou subido os pantalóns.*
203. **Arre concho!** *fórm.* EUF. Utilízase como eufemismo da UF 204. Exemplo: *Arre concho! Non me sae o seu nome.*
204. **Arre demo!** *fórm.* Dise cando alguén non é capaz de facer algo. Exemplo: *Arre demo! Pensei que non ías acabar nunca.*
205. **Ata outra / a próxima!** *fórm.* Dise cando alguén marcha. Exemplo: *Un pracer atoparnos, vémonos, ata a próxima!*
206. **Barata a tasca** *fórm.* **1.** Cando algo sae ben sen esforzo. Exemplo: *–Queres un anaco de pastel? –Non, grazas. Se che parece ben, vouche deixar eu os biscoitos que trouxen. –Barata a tasca. Claro que me parece ben, saio gañando.* **2.** Cando algo sae a bo prezo. Exemplo: *–Merquei uns zapatos novos por seis euros. –Barata a tasca. Non adoitan baixar dos vinte euros.*
207. **Cada cal millor\***<sup>17</sup> *fórm.* Dise cando algo ou alguén é peor ca o/a anterior. Exemplo: *–Montse ten mozo novo, é Pedro! –Cada cal millor; non me cae ben ningún dos dous.*
208. **Cagho no dios que te fixo!** *fórm.* VULG. Exclamación que expresa anoxo cara a algo ou alguén. Exemplo: *Cagho no dios que te fixo! Deixaches os cables no chan e case caíu.*
209. **Calimero, calimero** *fórm.* HUM. Dise cando alguén non para de queixarse coa intención de dar pena. Calimero é un personaxe de debuxos animados. Exemplo: *–Sempre me toca a min lavar a louza, despois de facer os deberes e xusto na hora da sesta... –Ai, Calimero, Calimero, para unha cousa que tes que facer e non paras de chorar.*

<sup>17</sup> Termo normativizado: ‘mellor’.

210. **Chámalle burro ao cabalo** *fórm.* Utilízase cando unha persoa fai algo sorprendente ou que lle convén. Exemplo: *Sempre se queixa de que Antonio non sabe pescar, el sempre pesca, pois hoxe foi pescar con Antonio, chámalle burro ao cabalo.*
211. **Chámase o vento á herba** *fórm.* Utilízase para indicar que o vento sopra por baixo, a ras de terra. Exemplo: *Hoxe chámase o vento á herba, mira como se moven as follas.*
212. **Chéghalle ben** *fórm.* Calidade de caro. Exemplo: *–Mira estas lentes, custan trescentos euros. –Chéghalle ben!*
213. **Coma quen oe chover** *fórm.* Facer caso omiso do que alguén está a dicir. Exemplo: *Nada, estou a explicavos o que lle hai que dar de comer á cadela e vós coma quen oe chover, sempre a darlle larpeiradas.*
214. **Como ghotea o tellado** *fórm.* PEX. Dise cando alguén está mal da cabeza. Exemplo: *Contoume que se bañou na praia mentres nevaba, como lle ghotea o tellado.*
215. **Dálle que dálle e turra que turra** *fórm.* Cando alguén é moi insistente cun argumento ou crenza. Exemplo: *–Os ornitorrincos poñen ovos. –Estás equivocado, os ornitorrincos non poden poñer ovos porque son mamíferos. –Xa, pero son a excepción. –Que non, non pode ser, os delfíns son mamíferos e acuáticos e non poñen ovos. –Dálle que dálle e turra que turra, son bióloga e estou a dicirche que son unha excepción!*
216. **De aí xa non pasa** *fórm.* IRÓN. Dise cando algo cae ao chan. Cando algo cae ao chan, non pode caer máis. Exemplo: *A Manuel caeulle o móbil e non puider evitar dicirlle: de aí xa non pasa.*
217. **Deica logo!** *fórm.* Expresión usada para despedirse. Exemplo: *Voume, deica logo!*
218. **Deixar a ver/vere\*** *fórm.* Utilízase para expresar incerteza con respecto a un asunto. Exemplo: *Deixar a ver se me trae todo o que lle pedín.*
219. **Déixate de contos** *fórm.* Diselle a alguén cando fai calquera cousa menos o que ten que facer. Exemplo: *Déixate de contos e ponte a facer as tarefas xa.*
220. **Digho eu** *fórm.* Utilízase para reforzar unha afirmación. Exemplo: *Digho eu que virás ao meu cumpleaños.*
221. **Dios cho paghe** *fórm.* Expresión de agradecemento. Utilízase para mostrar gratitude. Exemplo: *–Xa che fixen a compra. –Dios cho paghe, neniña.*
222. **Dios preghunte por ti** *fórm.* Resposta a unha pregunta que alguén fai para coñecer algunha información sobre a que o ou a interlocutora non ten coñecemento. Exemplo: *–Sabes onde está o mando do televisor? –Dios preghunte por ti, neniña, eu non o vin.*
223. **Dios te axude** *fórm.* Utilízase como resposta cando alguén esbirra.
224. **Dios te faigha bo/boa** *fórm.* Mostra de gratitude. Bo desexo. Exemplo: *Foime á compra cando estaba enferma, dios a faigha boa.*
225. **E a min que me dis/contas?** *fórm.* Desinterese. Exemplo: *–Fun á compra e non me deron bolsa. –E a min que me contas? Dixéraslle que a querías.*
226. **E cara alegre** *fórm.* Utilízase para indicar que algo molesto non afecta ao ánimo ou para animar a outra persoa. Exemplo: *–Dixéronme que non podía traballar con eles. –E cara alegre.*

227. **É/Foi chegar e encher** *fórm.* Dise cando chegas a un sitio e te atenden rápido nel. Exemplo: *Non tiñamos mesa reservada, pero tan pronto entramos, xa nos atenderon. Foi chegar e encher.*
228. **Éche o que hai** *fórm.* Dise cando non queda máis remedio que conformarse co que hai. Exemplo: *Éche o que hai, vou ter que ir á recuperación do exame en xullo.*
229. **Era boa se colara\*** *fórm.* Cando alguén che di algo e non llo cres. Exemplo: *–Fun ao ximnasio todo o mes. –Era boa se colará, non te vin ningún día.*
230. **Era mellor morrer de pequeno/a** *fórm.* Emprégase para indicar que hai cousas que é mellor non ver, saber ou experimentar. Exemplo: *Queres que pase a semana a traballar e sen comer? Era mellor morrer de pequeno.*
231. **Era unha vez un vello** *fórm.* Dise cando alguén fai algo que non fai de forma habitual. Exemplo: *–Hoxe fun a clase. –Era unha vez un vello, menos mal.*
232. **Es máis parvo/a ca o que asou a manteca**<sup>18</sup> *fórm.* CAST. Dise de alguén que é parvo/a ou que fixo unha parvada. Exemplo: *Como que cociches os ovos con leite?! Es máis parvo ca o que asou a manteca.*
233. **Esta pegha trae rabo** *fórm.* Úsase para indicar que algo é falso ou vén con algo malo. Exemplo: *–Fixéronme unha oferta para rebaixar a factura da luz e só me pedían os datos bancarios. Dáme a min que esta pegha trae rabo.*
234. **Estáche ben/bo o conto (ho!)** *fórm.* IRÓN. Dise con sorna cando algo sae mal. Exemplo: *–Resulta que fun facer a compra e, á hora de pagar, ían cobrarme cen euros por unha barra de pan. –Ai, estáche ben o conto!*
235. **Estás ao que estás?** *fórm.* Utilízase para pedirlle a alguén que preste atención ao que fai. Exemplo: *–Xa me tarda estar na casa ceando. –Pero ti estás ao que estás? Déixate de pensar na cea e remata o traballo.*
236. **Falar por non estar calado/a** *fórm.* Dicar unha parvada. Exemplo: *–A herba infusionada ha de estar rica. –O que? Ti falas por non estar calada.*
237. **Fumos coma viñemos** *fórm.* Realizar algo en van. Exemplo: *Viaxamos a Ferrol para mercar unha camiseta no Zara e xa non a había. Fumos coma viñemos.*
238. **Hai cartos na casa** *fórm.* Utilízase para indicar que alguén fixo algo porque ten o privilexio económico para facelo. Exemplo: *–Merquei un coche novo. –Carais! Hai cartos na casa.*
239. **Home fou** *fórm.* Negación. Normalmente, emprégase cando non cres o que di a outra persoa ou para facerlle ver que esaxera. Exemplo: *–Fun poñer unha reclamación e agora vanme facer clientea VIP. –Home fou.*
240. **Mal raio te parta!** *fórm.* Xuramento, maldición. Diselle a alguén que está a amolar para que cese. Exemplo: *Mal raio te parta! Estou a cortarche o cabelo e ti non paras quieto.*

<sup>18</sup> Termo galego: 'manteiga'.



241. **Mala mar te/me coma** *fórm.* Xuramento, maldición. Díselle a alguén, ou a un/ha mesmo/a, que fai algo malo ou está a amolar. Exemplo: *Mala mar te coma! Deixaches todo feito un desastre.*
242. **Mala mar te funda e te confunda** *fórm.* Xuramento, maldición que se emprega cando unha persoa alcanza o máximo grao de enfado. Exemplo: *–Tireiche todos os papeis que tiñas enriba da mesa. –Mala mar te funda e confunda! Levaba meses traballando neles.*
243. **Mala mar te traigha** *fórm.* Xuramento, maldición. Utilízase cando te enfadas moito con alguén. Exemplo: *Mala mar te traigha. Sempre me estás a levar a contraria.*
244. **Mala morte te mate** *fórm.* VULG. Xuramento, maldición. Nun enfado, díselle a alguén que fixo algo mal. Exemplo: *Mala morte te mate! Case fas que teñamos un accidente.*
245. **Mala polilla\* te pique!**<sup>19</sup> *fórm.* Xuramento, maldición. Díselle a alguén que fixo algo mal. Exemplo: *Mala polilla te pique! Fixéchesme dar mil voltas adrede.*
246. **Manda carallo!** *fórm.* Exclamación que se usa ante unha insensatez ou un feito que causa incredulidade. Exemplo: *Manda carallo! Agora os políticos queren que paguemos por beber auga.*
247. **Manda truco!** *fórm.* EUF. Utilízase en lugar da UF 246.
248. **Mel e fel** *fórm.* Utilízase en situacións nas que a única opción é aceptar as circunstancias. Exemplo: *–Vou ter que ir e está chovendo. –Mel e fel.*
249. **Mellor me/te/che/lle era [algo a alguén]** *fórm.* Reafirmar un argumento. Exemplo: *–Penso que, ao final, voume poñer a facer as tarefas agora. –Si, mellor che era.*
250. **Meu dito, meu feito** *fórm.* Dise cando alguén cumpre a súa palabra. Exemplo: *Dixome que ía vir esta tarde arranxar a wifi e meu dito, meu feito.*
251. **Meu/miña pobre!** *fórm.* Utilízase nunha situación en que alguén transmite pena. Exemplo: *Miña pobre! Deixárona a ela soa.*
252. **Mi ma!** *fórm.* Apócope de ‘*Mi madriña!*’.
253. **Mi madriña!** *fórm.* Interxección que expresa sorpresa ante algo inesperado ou difícil de crer. Exemplo: *Mi madriña! Acaba de pasar un oso.*
254. **Morreu Manolete!** *fórm.* Dise para anunciar algo inesperado e sorprendente. Manolete era un toureiro que morreu moi novo. O seu finamento causou unha gran conmoción e anunciouse co berro: ‘¡Murió Manolete!’.
- Exemplo: *Morreu Manolete! Son as 7 da mañá e xa estás esperta.*
255. **Non che queda nada (por ver)** *fórm.* IRÓN. Utilízase cando alguén alucina con algo e ese algo é o que menos debía sorprender. Exemplo: *–O que me faltaba, agora queren que traballe as fins de semana. –Non che queda nada.*
256. **Non hai color** *fórm.* Dise cando non hai nada que se equipare a outra cousa ou persoa. Indica unha gran diferenza. Exemplo: *Cambiáronme o tratamento e non hai color, eh. Xa estou moito mellor.*

<sup>19</sup> Termo galego: ‘avelaiña’.

257. **Non lle chegha a carretera\*!** *fórm.* Dise cando alguén ocupa máis espazo do que debe na rúa. Exemplo: *Non che chegha a carretera, filliña. Eu tamén necesito sitio para pasar pola beirarrúa.*
258. **Non vaia ser o demo** *fórm.* Utilízase para non gafar algo ou en situacións nas que se intenta evitar un mal maior. Exemplo: *Está a ventar moito e veñen nubes escuras. Vou recoller a roupa do tendedeiro non vaia ser o demo.*
259. **O demo me/te leve!** *fórm.* Xuramento. Aadoita utilizarse para expresar anoxo ou sorpresa. Exemplo: *O demo me leve! Ese neno vai acabar castigado.*
260. **Oi que xa!** *fórm.* Utilízase para expresar anoxo. Exemplo: *Oi que xa! Deixa de moverme a tea mentres coso.*
261. **Parece que vas apagar un lume** *fórm.* Ter moita prisa por facer algo. Exemplo: *A onde vas tan rápido? Parece que vas apagar un lume.*
262. **Pola conta que che/lle ten** *fórm.* Aconsella a alguén a facer algo porque lle vai beneficiar. Exemplo: *–Non sei se levarte ao súper. –Has facelo pola conta que che ten. Sen compra, non podo facer a comida.*
263. **Pola conta que che/lle trae** *fórm.* Sinónimo da UF 262.
264. **Por riba de mel, filloas** *fórm.* Dise cando algo che parecía que non podía empeorar e empeora. Exemplo: *Estaba esperando polo bus e chegou con media hora de atraso e, ademais, púxose a chover e eu sen paraugas. Por riba de mel, filloas.*
265. **Que lle falta a Gilito?** *fórm.* Pregunta retórica que se lle fai a alguén cando non para de gabarse a si mesmo/a. Esta expresión provén da situación na que o personaxe de Gilito está a mirarse no espello dicindo: «Gilito, ghuapo, Gilito bo mozo. Gilito, cartos no peto. Que lle falta a Gilito?» E alguén lle contesta: «Sentido, cabrón!». Exemplo: *–Mira que ben me queda este vestido. Ademais de ghuapa e xenerosa, teño bo tipo. –Que lle falta a Gilito?*
266. **Que lle quita?** *fórm.* Pregunta retórica que se fai a modo de resposta. Dise cando alguén non ten motivos para non facer algo. Exemplo: *–Viches que a filla de Amancio Ortega levou a Coldplay para que tocasen na súa voda? –E que lle quita? Se son millonarios.*
267. **Que non pare máis o ano da fame** *fórm.* Dise cando alguén che fai unha visita moi curta. Exemplo: *–Vin deixarche a bolsa e xa marchou que levo prisa. –Pero se acabas de chegar! Que non pare máis o ano da fame.*
268. **Que todos os males sexan eses** *fórm.* Utilízase para animar a alguén a quen lle acaba de acontecer algo negativo, pero que non é maligno. Exemplo: *–Vaites! Perdín un anel na praia e inda por riba era o meu favorito. –Bueno, muller, que todos os males sexan eses.*
269. **Quero eu** *fórm.* Utilízase para reforzar a intensidade de algo en situacións de sorpresa. Exemplo: *–Uf... Subín as escalerías con 20 kilos de patacas nas costas. –Quero eu que estás forte!*
270. **Se me mandan xurar + [cláusula] + xúroo** *fórm.* IRÓN. Emprégase para advertir de algo que, aínda que resulte sorprendente ao/á interlocutor/a, ten a certeza de que é verdade. Exemplo: *Esa que acaba de saudar era Pepa? Porque se me mandan xurar que operou o nariz, xúroo.*



271. **Sempre tes o ás pa\* matar o tres fórm.** Ter resposta para todo. Exemplo: *Non fixen a cama porque as sabas estaban no tendedeiro. –E só había esas sabas? Que eu saiba, no armario había máis. –Si, pero como ninguén me axudou, tanto tiña, que eu soa non podo poñer a funda do edredón. –Ti sempre tes o ás pa' matar o tres.*
272. **Servilleta\* ponte á mesa<sup>20</sup> fórm.** Díselle a alguén cando chega a un sitio e xa ten a comida feita (por outra persoa) e só ten que sentarse a comer. Exemplo: *Ti non has ter queixa hoxe, eh! Cheghaches e servilleta ponte á mesa.*
273. **Si Dios quer\*<sup>21</sup> fórm.** Emprégase para indicar incerteza. Habitualmente, alude ao feito de seguir vivindo. Exemplo: *–Chao Marta, vémonos mañá si Dios quer.*
274. **Si, home, si fórm.** 1. Utilízase de xeito irónico para non darlle a razón a alguén sobre o que di. Exemplo: *–Non me cres, pero a terra é plana. Lin no Facebook unha entrada que o xustifica. –Si, home, si. A terra é plana e eu son marciana.* 2. Díselle a alguén para darlle ánimos. Exemplo: *–Non sei eu se ao final me sairá ben o de mudarme a outro país. Teño medo de que sexa o mesmo que aquí. –Si, home, si! Estou segura de que che vai ir ben. Alí terás máis oportunidades.*
275. **Tarde piaches fórm.** Díselle a alguén que manifesta a súa opinión cando xa é tarde para tela en conta. Exemplo: *–Eu tamen quería un xeadó! –Tarde piaches. Pregunteino antes de ir ao súper e non dixeches nada.*
276. **Tempos foron fórm.** Utilízase ao lembrar un acontecemento que xa pasou hai tempo. Exemplo: *Ai, parece que foi onte cando ía ao instituto. Tempos foron.*
277. **Ter fame, ou sono ou ghana de home fórm.** VULG. PEX. Fórmula que se lle di a alguén que bocexa. É unha expresión algo anticuada que adoitaba dicírselle ás mulleres.
278. **Tes fame? Traba no cu e come carne fórm.** Resposta que se utiliza cando alguén non para de repetir que ten fame. Exemplo: *–Ainda non vai a comida? É que xa son as dúas e sempre adoitamos comer desta hora... –Tes fame? Pois traba no cu e come carne.*
279. **Ti espera a ver fórm.** IRÓN. Díselle a alguén que cre nunha cousa que sabemos que non é certa. Exemplo: *–Voulle pedir á cadela que sente porque é moi obediente. –Si, ti espera a ver...*
280. **Tranquilo morreu caghando ao pé dunha cola fórm.** IRÓN. Resposta que se dá cando che repiten que estas tranquilo/a. Exemplo: *–Non paro de darlle voltas ao que aconteceu. –Tranquilo. Ti estás tranquilo que agora xa foi. –Tranquilo? Tranquilo morreu caghando ao pé dunha cola.*
281. **Unha vez era un vello fórm.** Utilízase ante un feito que rara vez acontece. Exemplo: *–Hoxe levanteime cedo e, despois de dar un paseo, púxenme a facer a comida. –Unha vez era un vello; normalmente, ata as doce, non adoitas espertar.*
282. **Vai mexar a campelo fórm.** VULG. Díselle a unha persoa que non para de dar a lata, de amolar. Exemplo: *–Lembras cando caíches de cu diante de tanta xente? –Boh, vai mexar a campelo.*

<sup>20</sup> Termo galego: 'pano'.

<sup>21</sup> UF normativizada: 'Se Deus quere'.

283. **Vai rascar o fio do lombo** *fórm.* EUF. Emprégase como substituto para mandar a alguén a rascar o cu, isto é, para que deixe de amolar. Exemplo: *–Xa que estás de pé, podías traerme un vaso de auga da cociña. –Home, vai rascar o fio do lombo, non ves que estou ocupada?*
284. **Vaia polas animiñas, amén, Xesús** *fórm.* Dise ao acabar de comer un alimento que che gusta moito. Exemplo: *–Avoa, está riquísimo o caldo! Por se non me cres, mamá, ao rematalo, dixó: «Vaia polas animiñas, amén, Xesús.» É sinal do bo que estaba!*
285. **Vaiche boa (Ribadeo)!** *fórm.* Dise cando pasou moito tempo dun feito ou acontecemento. Exemplo: *Xa pasamos Vigo? Vaiche boa, Ribadeo! Xa hai catro horas que o pasamos.*
286. **Vaille dar a lata a un santo** *fórm.* Díselle a alguén para que nos deixe en paz, para que non moleste. Exemplo: *Xa é a terceira vez que me preguntas cando marchamos. Se te aburres, vaille dar a lata a un santo.*
287. **Vaime/querme facer tola/o?** *fórm.* IRÓN. Dise a alguén que quere enganarnos. Exemplo: *–Os produtos que vendemos son da mellor calidade. –Quesme facer tolo? Toda a vosa roupa está composta por plástico.*
288. **Vaite de aí sacabeira/Saca sacabeira** *fórm.* Díselle a alguén que fai algo con pillería ou maldade. Exemplo: *Vaite de aí sacabeira, que levo ovos na bolsa e vas facer que me caian.*
289. **Xa choveu** *fórm.* Indica que algo pasou hai tempo. Exemplo: *A última vez que estiven na vila tampouco había semáforos e xa choveu dende aquela.*
290. **Xa Dios dirá** *fórm.* Dise cando non se sabe que vai acontecer cunha situación. Exemplo: *–Estou contenta coa entrevista que fixen, pero agora teño que esperar a ver se me chaman. –Xa Dios dirá.*
291. **Xa falaremos...** *fórm.* IRÓN. Utilízase cando se ten a certeza de que as cousas van cambiar e, con elas, o parecer do/a interlocutor/a. Exemplo: *–Papá, sempre estás a queixarte de que che doen os cadrís. –Cando teñas a miña idade, xa falaremos...*
292. **Xa me/lle chegha co que teño/ten** *fórm.* Ter abondo coas tarefas e/ou responsabilidades propias. Exemplo: *Xoana pediume que lle mirase das crianzas, pero xa me chegha co que teño.*
293. **Xa non é/foi capote** *fórm.* Ser dabondo. Dise cando non hai queixa do resultado de algo. Exemplo: *–Fun pescar e non collín nada, pero atopei cinco euros. –Xa non é capote.*
294. **Xa vai aló** *fórm.* Pasar moito tempo entre un acontecemento e o outro. Exemplo: *–Lembras cando fumos a París? –Si, xa vai aló, deberon pasar dez anos dende aquela.*
295. **Mira tú\*** *fórm.* Emprégase ante algo inesperado. Exemplo: *Mira tú. Ao final, cheghaches a tempo.*
296. **San Bartolomé, cúrame este pé, que non podó andar a chiquilimpé** *fórm.* Dise cando se padece unha doenza no pé. Exemplo: *Ai, como me doe camiñar co pé esquerdo. San Bartolomé, cúrame este pé, que non podó andar a chiquilimpé.*

## 5.4.2. Paremias

### 5.4.2.1. Refráns

297. **A cada porco lle chega o seu san Martiño** *ref.* Utilízase para indicar que, ao final, todas as persoas van pagar polos seus feitos. Exemplo: *–Carmen nunca estuda e hoxe suspendeu o exame. –Xa sabes o dito: a cada porco lle chega o seu san Martiño.*
298. **Á conta do pano, aprende o xastre** *ref.* Aprender a base de cometer erros. Exemplo: *–Levo dous anos coa mesma materia e este ano por fin a aprobei. –Xa sabes o que din: á conta do pano, aprende o xastre.*
299. **A muller e a sardiña, a máis pequeniña** *ref.* PEX. Comentario que se lle fai a unha muller para crítica-la ou ben despois de recibir unha crítica dela.
300. **A San Andrés de Teixido, se non queres ir de morto, vai de vivo/A San Andrés de Teixido, vai de morto quen non foi de vivo** *ref.* Lenda de carácter relixioso que se di ás persoas que nunca visitaron o lugar de San Andrés de Teixido aconsellándolles que o fagan. Exemplo: *–Nunca fun a San Andrés de Teixido. –Pois xa sabes o que din: a San Andrés de Teixidovai de morto, quen non foi de vivo.*
301. **Agora xa foi, Marica, non chores!** *ref.* Non paga a pena perder o tempo preocupándose por cousas que xa aconteceron e que non se poden cambiar. Exemplo: *Mariña arrepeniuse de non vir á festa connosco, pero xa lle dixen: agora xa foi, Marica, non chores!*
302. **Ai, Dios, que alto te pós e que ben te poñías cando querías** *ref.* Cando hai algún inconveniente ou obstáculo, daste de conta do difícil que son as cousas comparado co fáctiles que eran antes. Exemplo: *–Ai, Dios, que mal o fixen. –Ai, Dios, que alto te pós e que ben te poñías cando querías. Iso pásache por non practicar antes.*
303. **Andaremos e veremos** *ref.* Indica incerteza con respecto ao futuro. Exemplo: *Chámaronme para unha entrevista de traballo e saín contenta, pero sei que iso non significa que me contraten. Xa me dixu meu pai: andaremos e veremos.*
304. **Arriba, pés; arriba, chanclas, que, neste mundo, non hai máis que trampas!** *ref.* Dise cando alguén minte. Exemplo: *–María escondeu unha carta da baralla nas pernas, non vale. –Arriba, pés; arriba, chanclas, que, neste mundo, non hai máis que trampas! Así non xogo máis.*
305. **Cada can lambe o seu carallo** *ref.* VULG. Cadaquén ten que facerse responsable dos seus actos. Exemplo: *Esperanza non para de queixarse da cantidade de traballo que ten, pero non pensa contratar a alguén. Eu non penso axudala, cada can lambe o seu carallo.*
306. **Cando de nordeste chove, ata as pedras move** *ref.* En Cariño, se chove cando vai vento de nordeste. Este refrán emprégase para advertir que vai moito vento. Exemplo: *Se vides esta finde a Cariño, tede coidado porque cando de nordeste chove, ata as pedras move.*

307. **Cando despois da augha vén o vento, amarra e métete dentro** *ref.* MAR. Utilízase para aconsellar e advertir que, despois de chover, vén o vento moi forte e convén gardarse na casa. Exemplo: *Durante a túa viaxe lembra: cando despois da augha vén o vento, amarra e métete dentro.*
308. **Canto máis ben lle fan ao tolo, máis tolo se volve** *ref.* Utilízase para indicar que, ás veces, canto máis queres axudar a alguén con algo, peor é. Exemplo: *–María enfadouse comigo porque intentei axudarlle a facer o puzzle que leva días sen resolver. –Canto máis ben lle fan ao tolo, máis tolo se volve.*
309. **Coma en Ribadeo, cada un pagha o seu** *ref.* Dise cando dúas persoas deciden pagar cada un o produto que mercan ou consomen. Exemplo: *–Ides pagar xunto ou por separado? –Separado. Aquí, coma en Ribadeo: cada un pagha o seu.*
310. **Corre o ouro pa\* o tesouro** *ref.* Indica que sempre gaña cartos quen xa os ten. Exemplo: *Tocoulle outra vez o sorteo, corre o ouro pa' o tesouro.*
311. **Costa abaixo todos os santos axudan** *ref.* Dise cando algo é fácil e pode facerse sen problema. Exemplo: *Usou o chatGPT para facer o exame e acabou en 10 minutos. Costa abaixo todos os santos axudan.*
312. **Cun ballestrinque e un cote, non se vai o bote** *ref.* MAR. As cousas ben feitas obteñen bos resultados. Exemplo: *–Fixen o teu retrato con moito agarimo, quedoume perfecto. –Como ben din, cun ballestrinque e un cote, non se vai o bote.*
313. **Dándolle volta á folla, canto máis ghrande, máis fermosa** *ref.* PEX. Resposta á UF 299.
314. **De onde non hai, non se pode sacar** *ref.* PEX. Dise cando alguén fai ou di algunha parvada. Exemplo: *Chamoulle parva e ela tiña razón, xa lle dixen que de onde non hai, non se pode sacar.*
315. **Deixa que comer e non deixes que facer** *ref.* Realizar as tarefas. Aconsella non atrasar tarefas ou responsabilidades. Exemplo: *–Ainda teño que preparar as clases de mañá, pero estou tan cansa que igual me vou xa a durmir. –Deixa que comer e non deixes que facer. Mañá has volver estar cansa e vas ter menos tempo para preparalas.* VAR.: Garda que comer e non gardes que facer.
316. **Deixa xiar, que a manta é larga** *ref.* Dar tempo a algo antes de actuar. Exemplo: *Se non o conseguiches hoxe, deixa xiar, que a manta é larga. Xa o conseguirás para a próxima.*
317. **Díxolle a pota ao caldeiro: apártate, non me lixugues**<sup>22</sup> *ref.* Resposta a alguén que lle reprocha aos/ás demais algo que el/ela tamén fai. Exemplo: *–Sempre queimas os garavanzos. –Díxolle a pota ao caldeiro: apártate, non me lixugues.*
318. **Do allo á cebola, veña o demo e escolla** *ref.* Utilízase cando dúas cousas son iguais, cando ningunha é mellor que a outra. Exemplo: *–Non sei se mercar os zapatos verdes ou os rosas. –Do allo á cebola, veña o demo e escolla.*
319. **En agosto, a vella torce o rostro** *ref.* En agosto, faise noite máis cedo e empeza a refrescar. Exemplo: *Fai máis frío ca en xullo; como ben di o dito: en agosto, a vella torce o rostro.*

<sup>22</sup> Termo normativo: 'manchar'.

320. **Fartos vós, fartos nós, levántase a mesa e grazas a Dios** *ref.* Dize cando unha persoa te deixa nunha mala situación polo seu egoísmo. Ten a súa orixe no conto dun cura que estaba a comer cun sancristán. O sancristán puxera a mesa e prepara todo, mentres que o cura sentou e comeu. Para cando o sancristán rematou de preparar todo e sentou, xa non tiña comida e o cura dixo a devandita frase. Exemplo: *–Bueno, pois xa podemos marchar, non si? –Fartos vós, fartos nós, levántase a mesa e grazas a Dios. Eu aínda teño que falar con Carme.*
321. **Fóra a ialma\*, son coma as persoas**<sup>23</sup> *ref.* Aplícase aos animais para expresar que teñen comportamentos e actitudes semellantes ao ser humano. Exemplo: *–A miña cadela púxose nerviosa e non paraba de ladrar cando tiven o accidente nas escaleiras. –Pobriña. Fóra a ialma, son coma as persoas.*
322. **Ghaivotas en terra, mariñeiros á merda** *ref.* MAR. Utilízase para advertir que, cando as gaivotas están en terra, é porque non hai peixe no mar. Exemplo: *–Había unha de ghaivotas na praia que me sorprendeu. –Iso é que non van poder saír ao mar estes días. Ghaivotas en terra, mariñeiros á merda.*
323. **Iso e mais nada son(che) o mesmo** *ref.* Utilízase para expresar que algo non é útil. Exemplo: *–Mira, puxen unha cortina para que non entre a luz. –Boh, é transparente. Iso e mais nada son o mesmo.*
324. **Manda recado que falta no\* haces**<sup>24</sup> *ref.* CAST. Diselle a quen che pide que fagas algo por interese. Exemplo: *–Papá, chámote para que me ingreses os dez euros que che emprestei o outro día. –Nin que tal estou nin nada. Manda recado que falta no haces.*
325. **Mexan por nós e hai que dicir que chove** *ref.* Emprégase cando non se pode actuar ante un problema porque non está nas nosas mans soluciónalo. Exemplo: *Seica o cambio climático vai tentar solucionarse de aquí a 2050. Xa aconteceu o mesmo coa axenda 2030. En fin, mexan por nós e hai que dicir que chove.*
326. **Na casa do ferreiro, coitelo de pao, e na do carpinteiro, sentarse no chao** *ref.* Utilízase ante a ironía de que unha persoa non teña un recurso dunha disciplina que domina ou sobre a que é experta. Exemplo: *–Es dentista e non tes fio dental na casa? –Xa ves... Na casa do ferreiro, coitelo de pao, e na do carpinteiro, sentarse no chao.*
327. **Néboa na Miranda, nordeste pola banda** *ref.* Advirte de que, cando hai néboa no monte da Miranda, é un indicador de que vai ir vento de nordeste en Cariño. Dize ao ver néboa na Miranda. Exemplo: *–Pensas que hoxe valerá para ir apañar cogumelos? –Non viches a néboa que baixa pola Miranda? Xa sabes: néboa na Miranda, nordeste pola banda. Por poder, podemos ir apañar cogumelos, pero tamén un arrefriado.*
328. **Non hai palleiro sen palla** *ref.* Utilízase para indicar que todo o mundo ten os seus defectos. Exemplo: *–Meu mozo é moi bo comigo, pero é un agarrado. –Non hai palleiro sen palla.*

<sup>23</sup> Termo normativizado: ‘alma’.

<sup>24</sup> Termo galego: ‘facer’.

329. **Non hai pegha sen mancha neghra** *ref.* Utilízase en resposta a unha crítica negativa para indicar que ninguén é perfecto/a. Exemplo: – *Sempre tes que chegar tarde. Xa podías ser máis puntual.* – *Non hai pegha sen mancha neghra.*
330. **Non hai peor cuña cá da mesma madeira** *ref.* Indica que as persoas que son moi semellantes, ás veces, chocan e non se levan ben precisamente porque actúan do mesmo xeito. Exemplo: – *Pedro enfadouse con Silvia porque ela non lle deixou unha cadeira que estaba libre e Silvia non lle deixou a cadeira porque Pedro, a semana anterior, lle fixera o mesmo.* – *Xa sabes o que din: non hai peor cuña cá da mesma madeira.*
331. **Nunca choveu que non escampara** *ref.* O malo non dura sempre. Dise para animar a alguén que está nunha situación adversa. Exemplo: – *Morreume o can e agora estou desesperada. Non sei que vou facer sen el.* – *Dálle tempo, muller. Nunca choveu que non escampara.*
332. **Nunca nada pescamos a peixe visto** *ref.* MAR. Sen esforzo, non hai recompensa. Díselle a alguén cando fala do que ten que facer para lograr algo. Os mariñeiros, para pescaren, teñen que botar tempo, non lles vai ninguén dicir onde está o peixe. Exemplo: – *Para poder traballar do que me ghusta, vou ter que marchar.* – *Nunca nada pescamos a peixe visto.*
333. **O barato de balde é caro** *ref.* As cousas baratas, ao final, acaban sendo máis caras. Exemplo: – *Cambiei a tarifa do móbil porque era tres euros máis barata e resulta que, na miña vila, non teño cobertura.* – *O barato de balde sae caro.*
334. **O caso é ter salú\***<sup>25</sup> *ref.* O importante na vida é gozar de boa saúde. Exemplo: – *Non estou moi contenta no novo traballo, pero non me queda outra que aguantar.* – *O caso é ter salú.*
335. **O demo fainas e Dios desfainas** *ref.* Utilízase cando os acontecementos adversos veñen seguidos de acontecementos favorables. Ás veces, tamén se emprega para animar a alguén a quen lle acaba de acontecer algo desfavorable. Exemplo: – *Perdín o traballo e, unha semana despois, chamáronme doutra empresa para contratarme e resulta que cun salario superior.* – *O demo fainas e Dios desfainas. Alégrome por ti.*
336. **O que ben sabe no cu cabe** *ref.* Calidade de insaciable. Dise cando unha comida está tan boa que xa se come por vicio e non por fame. Exemplo: – *Uf... Eu estou chea, pero se a sobremesa é xeadó, vou comelo igualmente.* – *Carallo. O que ben sabe no cu cabe.*
337. **Ao que foi e non é, dáselle co pé** *ref.* Díselle a alguén que se lamenta por un acontecemento pasado que puido acontecer doutro xeito. As hipóteses sobre o que puido ser e non foi son inútiles e supoñen unha perda de tempo e enerxía. Exemplo: – *Se mercase unha casa no 2008 e non decidise agardar, xa sería propietaria, pero tal e como está o mercado agora, é imposible.* – *Ao que foi e non é dáselle co pé. Pensa mellor en aforrar para o futuro.*

<sup>25</sup> Termo normativizado: 'saúde'.



338. **Ao que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño** *ref.* Todas as persoas teñen vicios. Pode empregarse con sorna para criticar a quen se chufa de ser perfecto/a. Exemplo: *–Meu fillo é moi bo estudante e nunca sae de festa, eduqueino moi ben. –Ao que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.*
339. **O teu é meu e ao meu non lle toques** *ref.* Egoísmo. Dise das persoas que queren que os demais lles fagan favores, pero sen devolver nada a cambio. Exemplo: *O outro deixei o meu cargador. Hoxe pedinlle emprestado un bolígrafo e non mo deixou. O teu é meu e ao meu non lle toques.*
340. **Ovella que fala, bocado que perde** *ref.* Falar á vez que comer. Cando alguén fala mentres come, come menos que os/as demais. Exemplo: *–Quería botar máis patacas e xa non quedan. –Ai, ovella que fala, bocado que perde. Estabas tan entretida cantando a historia que os demais xa rematamos de comer.*
341. **Para ir a Cariño, hai que pasar pola Pedra** *ref.* Ás veces, para conseguir algo, é necesario facer outra cousa antes. A única forma de chegar á parroquia de Cariño é pasando pola parroquia da Pedra. Exemplo: *–Quero sacar o carné de conducir, pero para iso, teño que poñerme a estudar. –Xa sabes: para ir a Cariño, hai que pasar pola Pedra.*
342. **Para quen non quer, teño eu dabondo** *ref.* Utilízase como resposta a alguén que non acepta un obsequio. Exemplo: *–Ques un café? –Non, que xa o tomei na casa. –Pois para quen non quer, teño eu dabondo.*
343. **Por san Xoán, a sardiña molla o pan** *ref.* Indica que, a partir de finais de xuño, a sardiña comeza a ter graxa e, así, está máis saborosa, coincidindo coa festividade de san Xoán.
344. **Quen a Cariño vai, con Cariño volve** *ref.* Expresión para indicar que visitar Cariño é unha experiencia agradable. Acuñaose debido ao xogo de palabras que se fai co nome da vila. Existen variantes: *O que a Cariño vai, con cariño volve.*
345. **Quen cala jode\* ao que fala**<sup>26</sup> *ref.* CAST. Ás veces, unha persoa gaña máis calando que falando. Exemplo: *Púxose a dicirlle ao xefe que son unha irresponsable e que sempre chego tarde cando é mentira. Eu calei porque xa se deixou en evidencia soa. Quen cala jode ao fala.*
346. **Quen non foi a Lisboa non viu cousa boa** *ref.* Díselo a alguén que fala de visitar Lisboa. Exemplo: *–Este vrao imos ir a Lisboa de vacacións. –Quen non foi a Lisboa non viu cousa boa. Sempre o dicía miña avolita*<sup>\*27</sup>.
347. **Quen non val\* pra matar val\* pa\* que o maten**<sup>28</sup> *ref.* Díselo a alguén que se queixa de que non sabe facer unha cousa ou de que ten medo a facela mal. Significa que se alguén non vale para facer unha cousa, non debe preocuparse porque saberá facer outra. Exemplo: *–Non sei se vallo para dar clases de baile. – Bueno, muller, non te preocupes que quen non val pra matar val pra que o maten.*

<sup>26</sup> Termo normativizado: ‘foder’.

<sup>27</sup> Termo normativizado: ‘avoa’

<sup>28</sup> Termo normativizado: ‘valer’.

348. **Quen non veu que viñera** *ref.* Utilízase para xustificar facer algo sen esperar aos/as demais. Exemplo: *–Veña, imos comer. –Pero falto o avó, que aínda non chegou. –O que non veu que viñera.*
349. **Quen ten cu ten medo** *ref.* Utilízase cando alguén anuncia que é máis valente ca os/as demais e, ao final, actúa coma eles/elas. Exemplo: *–Ningún quería pasear á cadela pola noite por medo aos xabalís. Baixeina eu e, cando vin unhas sombras moverse, escapei correndo. –Ah, carallo! Quen ten cu ten medo.*
350. **Rubia/roxa a cea, bon tempo espera** *ref.* Utilízase para advertir que, cando se pon o sol, se o ceo é alaranxado, ao día seguinte vai facer bo día. Exemplo: *–No solpor hoxe o ceo estaba moi laranxado. –Que ben! Iso significa que mañá vai facer bo día. –Si. Roxa a cea, bon tempo espera.*
351. **Rubia/roxa a mañá, ventos e aughas** *ref.* Utilízase para advertir que vai vir vento e choiva se, ao amencer, o ceo ten unha cor alaranxada. Exemplo: *–Cando espertei e mirei pola ventá, o ceo estaba alaranxado. –Pois abrigate antes de saír. Xa sabes o que din: rubia a mañá, ventos e aughas.*
352. **Saúde e pesetas, que o demais son puñetas**<sup>\*29</sup> *ref.* CAST. Indica que o importante para estar ben na vida é ter saúde e cartos. Exemplo: *–Como vas? –Bueno, tirando, hoxe supendín o exame. –Bueno, muller! Saúde e pesetas, que o demais son puñetas!*
353. **Tanto dá o fol como as amarrallas** *ref.* Sinónima da UF 354. Expresa que dúas persoas son iguais. Exemplo: *Pedinlle a Claudia que me axudara coas bolsas e non me fixo caso. Logo, dixerllo a Xurxo e tampouco me axudou. Tanto dá o fol como as amarrallas.*
354. **Tanto dá Xan coma Pericán** *ref.* Sinónima da UF 353. Expresa que dúas persoas son iguais. Exemplo: *–Fun ao concello a ver se solucionaban o problema da auga e nada. Púxenme en contacto coa Deputación e tampouco obtiven resposta. –Pois xa ves, tanto dá Xan coma Pericán.*
355. **Tanto me ten que me ten o mesmo** *ref.* Utilízase para expresar desinterese sobre unha opinión ou asunto. Exemplo [propio]: *–Cambieiche os libros de sitio. –Tanto me ten que me ten o mesmo.*
356. **Ten quen ten, como dicía a campá da Pedra** *ref.* Utilízase en resposta a alguén que expresa que certas persoas posúen algo que as demais non. Exemplo: *–Esperanza sempre merca bolsos de luxo e eu nunca podería mercalos aínda que quixera. –Ten quen ten, como dicía a campá da Pedra.*
357. **Traballo feito non corre présa** *ref.* Utilízase para lembrar que é mellor atender as tarefas ou responsabilidades canto antes. Exemplo: *–Aínda me falta rematar un traballo da universidade e, despois, teño que recoller a roupa do tendedeiro, pero estou tan cansa que vou sentar no sofá. –Neniña, xa sabes que traballo feito non corre présa e se agora sentas, ao final, vas deixar as tarefas para mañá.*

<sup>29</sup> Termo galego: 'molestia'.



**358. Un día é un día e un peso é un peso**

*ref.* Expresión que incita a ceder ante un capricho. Exemplo: *–Levo varios días pensando en mercar unhas sandalias para o verán, pero son algo caras. –Muller, un día é un día e un peso é un peso.*

**359. Vale máis facelo que mandalo**

*ref.* Dise cando mandas facer algo a alguén e faino mal. Exemplo: *Pero isto non é o que che pedín. A camiseta tiña que ser verde. Ai... Vale máis facelo que mandalo.*

**360. Xente nova e leña verde, todo é fume**

*ref.* Indica que a xente moza non é madura e tende a

ter expectativas que logo non pode cumprir. Exemplo: *O rapaz anunciou que, no maratón, ía ser dos primeiros porque era o máis mozo e resulta que case queda de último. Xente nova e leña verde, todo é fume.*

**361. Xuntouse a fame coas ghanas de comer / Xuntáronse a fame e as ghanas de comer**

*ref.* Dise cando dúas cousas ou persoas se complementan agravando unha situación. Exemplo: *–Estaba cociñando e non tiña sal. Marchei con présa e resulta que saín sen a carteira. –Vaia, xuntouse a fame coas ghanas de comer.*

#### 5.4.2.2. Proverbios

**362. A verdade non ten máis ca un camiño**

*prov.* Utilízase para indicarlle a alguén que a verdade sempre sae á luz.

Exemplo: *–Entereirme de que Lucía andaba a serme infiel. –Como ben se di, a verdade non ten máis ca un camiño.*

#### 5.4.3. Cantigas

**363. Asubía, que fai vento, que eu tamén asubiaba cando era do teu tempo**

*cant.* Canción popular que se lle canta á xente moza cando poden facer algo grazas á súa xuventude. Exemplo: *–Para aforrar durante as vacacións, vou viaxar no tren de noite e así non pago hotel e podo visitar máis cidades. –Asubía, que fai vento, que eu tamén asubiaba cando era do teu tempo.*

**364. Cando chove e quenta o sol, vai o demo por Ferrol cargadiño de alfileres para pincharlle o cu as mulleres**

*cant.* Canción popular que adoita cantarse cando alguén di que chove e fai sol. Habitualmente, acúrtase e dise só a primeira parte. Exemplo [propio]: *–Hai nada estaba a chover e agora quenta o sol. –Cando chove e quenta o sol vai o demo por Ferrol...*

#### 5.5. Expresións monolexicais

**365. Correndo**

*exp. mon. v. IRÓN.* Indica que alguén non vai facer algo que supón un esforzo/molestia. Exemplo: *–Pedinlle a Alba que, antes de vir, pasase por casa e me collese a chaqueta. –Vaino facer correndo. Non ves que a túa casa está moi lonxe e ela xa estaba aquí?*

**366. Foufear [algo]**

*exp. mon. v.* Criticar algo de maneira despectiva. Exemplo:

*Agasalleille unha saia e, como era curta, foufeuna.*

**367. Sabichar**

*exp. mon. v.* Estar mirando ou preguntado por algo ou alguén. Diselle ás persoas que sempre queren saber sobre as demais. Exemplo: *–De que estades a falar, que moito vos rides? –Vai sabichar a outro lado.*

## 6. Conclusións

A escolma fraseolóxica aquí recollida demostra que existen particularidades na fraseoloxía de Cariño, xa que, de entre as 367 entradas desta recadádiva, 43 conteñen vocábulos non normativizados. Tamén constatamos unha maior cantidade de locucións (verbais, adxectivas e adverbais) ca de fórmulas e paremias. O número de colocacións é limitado, pois só se rexistraron tres unidades, igual que o número de expresións monolexicais. Neste senso, poderíase ampliar e mellorar a mostra aquí recollida en futuros traballos desta índole.

A título persoal, considero que esta recadádiva cumpre co propósito inicial de deixar constancia da fraseoloxía de Cariño. A cantidade de unidades fraseolóxicas recollidas é ampla e contén exemplificacións e definicións que tentan ilustrar claramente o seu uso para que calquera persoa as poida adoptar no seu día día e, así, manter viva a nosa riqueza lingüística.

### Agradecementos

En primeiro lugar, quixera agradecerlle á miñá irmá a súa axuda á hora de revisar e reformular a redacción dos exemplos de cada UF, achegados polas persoas informantes, para que sexan comprensibles ao lelos. Igualmente, quero agradecerlle á miña avoa paterna a súa colaboración neste traballo, xa que é verdadeiramente un refraneiro vivo e achegou unha gran cantidade de unidades. Tamén lles quero agradecer aos meus avós por parte da miña nai que sempre me falasen en galego. Grazas a iso e ao apoio dos meus pais, que sempre promoven os meus estudos, puiden chegar a realizar esta racadádiva.

De igual maneira, manifesto o meu agradecemento ao persoal do Proxecto de Fraseoloxía Galega do Centro Ramón Piñeiro, en especial a Bea, quen me axudou enormemente durante o proceso de catalogación das unidades, e a M.<sup>a</sup> Isabel González Rey, por todo o que me ensinou durante o meu tempo como bolseira no proxecto que ela dirixe e por transmitirme a súa paixón pola fraseoloxía.

Finalmente, debo agradecerlles a súa colaboración a todas as persoas que participaron en calidade de informantes e que enumero na seguinte listaxe:

## Informantes

Armada Bellón, Francisco  
Armada Bellón, Rocío  
Armada Bellón, Susana  
Armada Bellón, Victoria  
Armada Castro, Francisco Javier (Facheti)  
Bellón Lozano, M.<sup>a</sup> Victoria (de Cribeiro)  
Freire Armada, Lara  
Freire Otero, Manuel  
Freire Otero, Sonsoles  
Martínez Fachal, José Antonio  
Martínez Felgar, Eduardo  
Otero Santiago, Modesta (da Fonte Vella)

## 7. Referencias bibliográficas

- Concello de Cariño. (s.f.). *Historia*. Recuperado o 14 de maio de 2024, de <https://www.concellodecarino.gal/historia/>
- Corpas Pastor, G. (1996). *Manual de fraseología española*. Gredos.
- Fernández Rei, F. (1990). *Dialectoloxía da lingua galega*. Xerais.
- Instituto Galego de Estatística (2024). Nomenclátor. [https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?c=0201001002&ruta=verPpalesResultadosp?OP=1&B=1&M=&COD=589&R=9913\[all\]&C=0\[all\]&F=T\[1:0\]&S=&SCF=&c=0201001002](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?c=0201001002&ruta=verPpalesResultadosp?OP=1&B=1&M=&COD=589&R=9913[all]&C=0[all]&F=T[1:0]&S=&SCF=&c=0201001002) [consultado o 14/04/2024].
- La Pureza (s.f.). *Fotografías antiguas*. Recuperado o 14 de maio de 2024, de <https://www.lapureza.es/es/gallery-4/fotografias-antiguas.html>